

# Hábitos e prácticas culturais

DOI: 10.17075/hpc.2023

## Introdución

Os datos deste informe proveñen dunha explotación da Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España. Trátase dunha operación estatística oficial incluída no Plan Estadístico Nacional. Realizouse por primeira vez en 2002-2003 e dende entón elabórase cada catro anos, a excepción da última entrega. As revisións publicadas ata o momento foron realizadas en 2006-2007, 2010-2011, 2014-2015, 2018-2019 e 2021/22.

Os resultados permítenlles aos profesionais da cultura, aos investigadores e ás autoridades públicas mellorar o seu coñecemento sobre o comportamento cultural da poboación española e a súa relación coas actividades culturais. O seu obxectivo é múltiple: avaliar a evolución dos principais

.....

indicadores dos hábitos e prácticas culturais, así como analizar aspectos relevantes no ámbito cultural, especialmente nos consumos relacionados cos produtos culturais suxeitos a dereitos de propiedade intelectual, como libros, música gravada, vídeo e *software*. Na súa última edición, esta enquisa tamén inclúe un módulo específico sobre a participación cultural no período de confinamento por causa da pandemia da COVID-19.

Os resultados de 2021/22 proveñen dunha investigación a unha mostra de 16.464 persoas de 15 anos en adiante. Para os resultados globais existe unha marxe de erro do 0,84% nun nivel de confianza do 95%. Os datos de Galicia proveñen dunha mostra de 952 individuos cunha marxe de erro do 3,24%.

Malia que o tamaño da mostra non é suficiente para describir a variación por características dos individuos nos resultados para Galicia, os datos de España mostran unha maior participación cultural entre o colectivo de mulleres e persoas novas. As mulleres son máis asiduas á lectura, ás bibliotecas e ás actividades artísticas, mentres que os homes prefiren a lectura profesional, a prensa, a fotografía, os vídeos, o deseño de páxinas web e tocar instrumentos musicais. A mocidade é un factor clave na participación cultural, xa que presenta as taxas máis altas en case todos os ámbitos. A participación vai diminuindo, con maior ou menor intensidade, a medida que aumenta a idade de maneira sistemática. Os estudos académicos inflúen decisivamente na participación cultural, xa que esta é maior entre as persoas con maior nivel educativo.

Na elaboración deste documento de traballo, decidiuse centrar a maior cantidade de información no último bienio (2021/22) para dar conta da situación actual. Tentouse recoller sempre a evolución nunha serie o máis longa posible, aínda que algúns indicadores non contaban con todos os datos necesarios e houbo que facer series parciais. Tamén se realizou unha avaliación dos cambios na metodoloxía da enquisa ao longo dos anos para incluír os datos máis axeitados.

En xeral, tratouse de ofrecer unha panorámica da evolución dos hábitos culturais dos galegos e galegas durante o século XXI e comparalos cos resultados globais de España para identificar as características que definen a participación cultural en Galicia.

O Consello da Cultura Galega leva facendo periodicamente informes sobre hábitos e prácticas culturais dende o ano 2008. Trátase dunha materia que produciu polo momento cinco informes do Observatorio da Cultura Galega: *Ocio e hábitos culturais dos galegos* (2008)<sup>1</sup>, *Ocio e hábitos culturais I* (2016)<sup>2</sup>, *Ocio e hábitos culturais II* (2016)<sup>3</sup>, *Hábitos e prácticas culturais en Galicia* (2020)<sup>4</sup> e *Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega* (2020)<sup>5</sup>.

O primeiro informe tiña como obxectivo analizar os datos recollidos no módulo específico de «Ocio e hábitos culturais 2006» incluído na Enquisa de Condicións de Vida das Familias, unha macroenquisa anual dirixida aos fogares galegos, coñecida agora como Enquisa Estrutural a Fogares. Pretendíase describir o comportamento cultural da poboación galega, as súas preferencias e os seus costumes e hábitos, mediante cuestións referencias como a asistencia a espectáculos e eventos culturais, o consumo de medios de comunicación e a lectura. Os seus achados principais estaban relacionados co feito de que en Galicia se podían establecer algúns patróns de hábitos e consumo cultural que están moi relacionados coas condicións socioeconómicas e demográficas da poboación. En primeiro lugar, as persoas menores de 30 anos eran as que consumían e levaban a cabo máis actividades culturais. En segundo lugar, tamén se puido comprobar unha lixeira diferenza nos hábitos culturais por sexo: así, no caso da lectura, observouse que as mulleres eran as que máis lían, salvo no caso dos xornais, no que eran superadas polos homes. Por último, a distribución por hábitat, que probablemente interactúa coas variables de idade, nivel de ingresos e estudos, mostraba que os habitantes das cidades eran os que, en termos xerais, máis asistían a espectáculos e eventos culturais.

---

<sup>1</sup> Consello da Cultura Galega (2008): *Ocio e hábitos culturais dos galegos*. <http://consello-dacultura.gal/publicacion.php?id=91>

<sup>2</sup> Consello da Cultura Galega (2016): *Ocio e hábitos culturais I*. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=3564>

<sup>3</sup> Consello da Cultura Galega (2016): *Ocio e hábitos culturais II*. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=3617>

<sup>4</sup> Consello da Cultura Galega (2020): *Hábitos e prácticas culturais en Galicia*. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4353>

<sup>5</sup> Consello da Cultura Galega (2020): *Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega*. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4394>

.....

O segundo e o terceiro informe, *Ocio e hábitos culturais I* e *Ocio e hábitos culturais II*, publicáronse en 2016. No primeiro deles, analizáronse datos de Galicia en comparación co resto das comunidades autónomas e o conxunto de España, utilizando como fonte de datos a Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015. No segundo levouse a cabo unha explotación dos datos do segundo módulo de «Ocio e hábitos culturais» da Enquisa Estrutural a Fogares que elabora o Instituto Galego de Estatística. Neste caso, analizáronse variables como áreas xeográficas, sexo, idade e nivel de ingresos, entre outras. Os resultados indican que as actividades culturais máis frecuentes realizadas pola poboación galega anualmente eran a lectura de libros e prensa e escoitar música. No conxunto do Estado tamén eran estas as actividades culturais máis populares. A asistencia a espectáculos en directo tiña distinto grao de aceptación segundo a actividade artística da que se tratase.

O cuarto informe está baseado nunha nova explotación da Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España, neste caso da edición de 2018-2019. A finalidade deste informe era avaliar a evolución dos principais indicadores e analizar outros aspectos relevantes no ámbito cultural, especialmente no que atinxe aos consumos culturais e ás formas de adquisición de determinados produtos suxeitos a dereitos de propiedade intelectual, como libros, música gravada, vídeo e *software*. Neste informe conclúise, ao igual que nos outros, que o interese polas actividades culturais en Galicia variaba en función das diferentes actividades, o mesmo que acontecía coa asistencia a distintos espectáculos en vivo. Nesa entrega, a enquisa introducía por primeira vez un bloque novo que abordaba as prácticas culturais na infancia e a influencia que tiña a realización de certas actividades culturais por parte dos pais e nais sobre as prácticas dos seus fillos e fillas, así como o efecto da implicación dos proxenitores nas actividades culturais daqueles e daquelas.

Por último, o informe *Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega* foi realizado a través dunha consulta aos consumidores dos produtos culturais e nel abórdanse as consecuencias das medidas restritivas adoptadas que afectaban ao consumo e ao gasto. A enquisa levouse a cabo durante o mes de outubro de 2020, cando a poboación se vía afectada pola chamada «segunda onda» da pandemia. As prácticas e hábitos



culturais da poboación mudaron moito coa crise sanitaria, xa que as actividades culturais que se podían realizar tiñan que facerse principalmente dentro da casa. Por iso, algunhas como a lectura víronse favorecidas, pero outras, como as relacionadas coas artes escénicas e musicais, tiveron que adaptarse a esta nova situación. Así, cobrou un gran protagonismo a retransmisión por *streaming* de concertos, monólogos, lecturas de libros etc. As expectativas eran naquel momento positivas, dado que tres de cada catro persoas en Galicia dicían que volverían gastar en produtos culturais tanto ou máis que antes. A maior expectativa de crecemento concentrábase naquelas actividades que experimentaron as maiores reducións, como os concertos e os espectáculos de artes escénicas.

Este informe trata de dar continuidade a eses traballos precedentes a través da descrición das prácticas e hábitos. O traballo comeza coa descrición dos equipamentos culturais como museos, monumentos e arquivos, para logro comentar os hábitos culturais relacionados coa lectura e as bibliotecas, as artes escénicas, a música, o cine, o vídeo e os contidos audiovisuais, a televisión e a radio, o ordenador e Internet, así como outras prácticas relacionadas co ocio e a cultura. Tamén se aborda a vinculación entre a práctica cultural dos proxenitores e a implicación na práctica dos fillos. Pecha o informe un apartado sobre a incidencia da COVID-19 e, máis especificamente, do período de confinamento no obxecto de estudo. Deste xeito, o informe recolle un amplo e variado conxunto de contidos relacionados coa cultura para ofrecer unha panorámica completa do tema.

## 1. Equipamentos culturais

Neste apartado descríbense datos relacionados coa dispoñibilidade no fogar en que reside a persoa entrevistada de determinados equipamentos para a lectura, a música ou o audiovisual, ou daqueles relativos ás novas tecnoloxías, como o ordenador e Internet.

Na seguinte táboa ofrécense datos sobre a porcentaxe de persoas que dispoñen de libros no fogar. Na evolución histórica pode comprobarse que esta taxa vai diminuindo. Na nosa comunidade reduciuse en 6,8 puntos porcentuais, mentres que no conxunto de España descendeu 10,1 puntos. Porén, a media de libros incrementouse. Os fogares galegos dispoñen dunha media de 20,4 libros máis que o conxunto estatal.


**Evolución da porcentaxe de persoas segundo dispoñen de libros no fogar**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total dispoñen	98,6	94,9	93,7	93,2	91,2	88,5
Menos de 10	11,7	5,5	6,1	6,0	6,0	5,4
De 10 a 25	21,5	17,8	19,2	17,8	17,6	15,6
De 26 a 50	22,4	22,7	21,3	20,8	20,8	20,6
De 51 a 100	19,4	20,9	18,7	16,7	17,5	18,9
De 101 a 200	11,8	13,3	13,3	14,0	13,5	12,8
Máis de 200	11,8	14,6	15,2	17,8	15,8	15,3
Media	125	174,8	180,7	244,0	201,6	194,2
<b>Galicia</b>						
Total dispoñen	98,6	94,3	93,5	92,4	91,6	91,8
Menos de 10	6,7	5,0	6,7	4,6	6,1	2,8
De 10 a 25	20,9	20,2	18,2	16,2	15,3	14,9
De 26 a 50	19,5	22,0	20,2	21,5	19,6	21,3
De 51 a 100	19,5	20,2	20,0	18,8	16,5	18,3
De 101 a 200	15,6	13,6	13,8	15,0	14,3	15,1
Máis de 200	16,4	13,2	14,7	16,4	19,8	19,5
Media	156	143,9	196,9	213,1	239,1	214,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En relación co formato dos libros, o 91,6% dos fogares galegos e o 87,6% dos do Estado posúen libros en papel. Estas porcentaxes mostran que diminuíu lixeiramente a cifra de libros neste formato nos últimos doce anos, 6,1 puntos porcentuais no total de España e 1,9 puntos en Galicia. O contrario acontece coa cifra de libros en formato dixital, que aumenta considerablemente. Así, no total de España os libros dixitais creceron en 23,5 puntos porcentuais, mentres que en Galicia se incrementaron en 19,4 puntos. Porén, cómpre salientar que a cifra media de libros neste formato diminuíu en 88,6 unidades no conxunto do Estado e en 171,2 na comunidade galega.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo dispoñen de libros no fogar e formato**

	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>				
Libros en formato papel				
Total dispoñen	93,6	93,0	90,8	87,6
Menos de 10	6,1	6,3	6,2	6,2
De 10 a 25	19,3	19,1	19,1	19,1
De 26 a 50	21,7	23,3	23,4	23,4
De 51 a 100	19,1	18,3	18,4	18,4
De 101 a 200	13,1	13,1	12,5	12,5
Máis de 200	14,3	12,9	11,2	11,2
Media	168,2	150,2	141,3	143,2
Libros en formato dixital				
Total dispoñen	4,6	23,8	21,9	28,1



Menos de 10	2,1	6,9	5,3	6,2
De 10 a 25	1,1	6,0	5,5	8,1
De 26 a 50	0,5	3,6	3,8	6,8
De 51 a 100	0,4	2,5	2,5	2,7
De 101 a 200	0,1	1,6	1,8	1,7
Máis de 200	0,5	3,1	3,0	2,7
Media	254,4	368,7	253,9	165,8

**Galicia**

Libros en formato papel				
Total dispoñen	93,5	92,0	91,4	91,6
Menos de 10	6,7	4,7	6,4	3,3
De 10 a 25	18,3	16,5	16,6	16,1
De 26 a 50	20,7	23,4	22,6	23,3
De 51 a 100	19,9	20,1	17,1	18,4
De 101 a 200	13,6	13,7	13,2	15,6
Máis de 200	14,2	13,7	15,4	14,8
Media	186,3	170,9	168,6	168,1
Libros en formato dixital				
Total dispoñen	2,7	16,8	22,5	22,1
Menos de 10	1,0	5,3	4,7	4,5
De 10 a 25	0,8	4,6	5,7	6,5
De 26 a 50	0,1	1,7	4,8	5,0
De 51 a 100	0,3	1,2	2,7	2,3
De 101 a 200	0,0	1,4	1,5	1,1
Máis de 200	0,5	2,6	3,1	2,6
Media	366,2	235,4	288,5	195,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A seguinte táboa mostra a porcentaxe de persoas que dispoñen dalgún lector de libro dixital segundo o tipo de dispositivo. Mentres que en Galicia a porcentaxe de persoas que dispoñen de lectores nestes dispositivos se incrementou en 7,9 puntos, no conxunto do Estado diminuíu en 5,5 puntos. No que se aprecia un cambio importante é no tipo de aparatos que se empregan. Así, a porcentaxe de persoas que dispoñen de lectores como *e-reader* ou tableta é practicamente idéntica, o 18%, mentres que a cifra de persoas que posúen outros dispositivos móbiles é superior (o 40,2% en Galicia e o 28,5% no conxunto de España). Neste último dato tamén se constata un aumento na evolución, xa que en Galicia se incrementou en 11,6 puntos porcentuais e no total tan só en 1,8 puntos.


### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a dispoñibilidade de lectores de libro dixital no fogar

	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
Total dispoñen	40,4	41,4	34,9
Lectores de libro dixital ( <i>e-reader</i> , tableta)	28,3	18,9	18,1
Outros dispositivos móbiles con lector de libro dixital ( <i>smartphone</i> etc.)	27,3	35,6	28,5
<b>Galicia</b>			
Total dispoñen	38,6	36,0	46,5
Lectores de libro dixital ( <i>e-reader</i> , tableta)	21,5	20,3	18,3
Outros dispositivos móbiles con lector de libro dixital ( <i>smartphone</i> etc.)	29,8	30,5	40,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A seguinte gráfica mostra a evolución na porcentaxe de persoas con ordenadores dispoñibles nos fogares. Pode comprobarse que na comunidade galega a evolución é ascendente ata o bienio 2021/22, no que a porcentaxe de ordenadores é case o dobre que en 2002-2003 e supera por primeira vez a cifra do conxunto estatal. En contraste, a porcentaxe de ordenadores no fogar no conxunto de España incrementábase progresivamente, pero a partir de 2018-2019 acusa un pequeno retroceso.

### Evolución da porcentaxe de persoas con ordenadores no fogar



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España



No que se refire a outro tipo de equipamentos culturais que non son tecnolóxicos, a seguinte táboa mostra datos sobre a porcentaxe de instrumentos musicais dos que dispoñen os fogares. A última enquisa sinala que o 34,5% dos fogares galegos dispón dalgún, 3,6 puntos porcentuais por riba do conxunto do Estado. Esta cifra é algo superior á de 2002-2003.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo dispoñen de instrumentos musicais no fogar**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total dispoñen	33,7	33,6	39,7	37,1	34,2	30,9
1	20,3	29,1	19,7	17,5	16,3	13,5
Máis de 1	13,4	4,6	20,0	19,7	18,0	17,4
Non dispoñen	66,3	66,4	60,3	62,9	65,8	69,1
Media	1,9	1,3	2,1	2,3	2,3	2,3
<b>Galicia</b>						
Total dispoñen	32,8	37,8	38,8	38,9	29,7	34,5
1	19,6	34,3	18,8	17,2	13,3	16,0
Máis de 1	13,1	3,5	20,0	21,7	16,4	18,5
Non dispoñen	67,2	62,2	61,2	61,1	70,3	65,5
Media	1,8	1,2	2,2	2,3	2,3	2,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No que se refire a soportes de música, o 72,3% da poboación galega declara que dispón dalgún no seu fogar, porcentaxe moi superior á que se rexistra no conxunto do Estado (8,3 puntos porcentuais máis). Aínda que se pode observar na seguinte táboa que a tendencia é a diminuír a presenza destes equipamentos culturais nos fogares, en Galicia mantense nesta serie por riba do 70%, mentres que no conxunto estatal se reduciu en case 20 puntos porcentuais en sete anos. Os soportes de son con maior presenza nas casas son os CD, DVD e Blu-ray, aínda que en Galicia a porcentaxe de fogares que dispoñen destes dispositivos supera en 10 puntos porcentuais a do total estatal. Por último, cómpre salientar que a presenza de discos de vinilo foi incrementándose lixeiramente ao longo da serie.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a dispoñibilidade de soportes de música no fogar**

	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
Total dispoñen	81,8	73,3	64,0
Discos de vinilo	26,1	25,3	28,3
CD, DVD e Blu-ray	78,2	67,1	53,6
Outros soportes de música dixital	29,2	34,7	29,6
<b>Galicia</b>			



Total dispoñen	76,8	76,8	72,3
Discos de vinilo	25,4	27,0	28,4
CD, DVD e Blu-ray	72,5	70,3	63,5
Outros soportes de música dixital	32,5	37,6	31,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Outros equipamentos vinculados ás novas tecnoloxías que analiza esta enquisa son os móbiles con acceso a Internet, as PDA ou as consolas de videoxogos. Na seguinte táboa especificanse datos sobre a dispoñibilidade destes equipamentos nos fogares dende 2010 ata 2022 e resulta salientable o feito de que a presenza de móbiles con acceso a Internet nas vivendas galegas se triplicou neste período. Isto mesmo aconteceu nas casas do conxunto do Estado, pero en menor medida. Con respecto ás consolas de videoxogos, se ben no ano 2010 a taxa de fogares que posuían este tipo de dispositivos en Galicia era dun 33%, é dicir, 6,7 puntos porcentuais por debaixo da media estatal, actualmente esta porcentaxe supera en 2,3 puntos porcentuais a do conxunto de España.

#### **Evolución da porcentaxe persoas segundo a dispoñibilidade doutros equipamentos vinculados ás novas tecnoloxías no fogar**

	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>				
Móbil con acceso a Internet	36,4	72,7	82,5	84,2
PDA	7,4	3,3	-	-
Consola de videoxogos	39,7	38,1	35,0	32,1
<b>Galicia</b>				
Móbil con acceso a Internet	26,0	68,9	79,0	83,9
PDA	6,7	1,9	-	-
Consola de videoxogos	33,0	38,8	33,2	34,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por tipo de plataforma dixital subscrita, as máis comúns nos fogares galegos son as de películas ou series, que en tan só catro anos se incrementaron en 17,2 puntos e se sitúan 2,4 puntos por debaixo da media do Estado. A seguinte plataforma máis contratada é a de contidos musicais e neste caso Galicia supera o conxunto de España en 0,6 puntos porcentuais.

#### **Evolución da porcentaxe de persoas segundo a dispoñibilidade de subscrición a plataformas dixitais no fogar**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total dispoñen	52,2	59,4
Plataformas de contidos musicais	26,8	29,5
Plataformas de películas ou series	38,9	52,8



Plataformas de canles de televisión	28,8	26,3
Plataformas de libros	3,4	5,6
Plataformas de videoxogos	4,1	4,9
<b>Galicia</b>		
Total dispoñen	46,8	58,3
Plataformas de contidos musicais	26,0	30,1
Plataformas de películas ou series	33,2	50,4
Plataformas de canles de televisión	26,3	28,3
Plataformas de libros	3,5	4,7
Plataformas de videoxogos	4,4	5,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 2. Museos, monumentos e arquivos

Este apartado recolle información sobre os hábitos culturais relacionados coas visitas que se realizaron a museos, exposicións e galerías de arte, así como monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos.

En xeral, os elementos patrimoniais que resultan mellor valorados son os museos, as exposicións, os monumentos e os xacementos arqueolóxicos, mentres que os que menos interese suscitan son os arquivos. Outra tendencia evidente é que, en xeral, todas as actividades resultan algo menos atractivas en Galicia, xa que acadan puntuacións máis baixas.

### Valoración media do grao de interese polos museos, exposicións, galerías de arte, monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos (2021/22) (%)

	España	Galicia
<b>Museos</b>		
De 10 a 9	14,3	13,6
De 8 a 7	29,6	27,2
De 6 a 5	28,7	24,3
De 4 a 3	8,6	8,8
De 2 a 0	18,7	26,1
Media	5,6	5,0
<b>Exposicións</b>		
De 10 a 9	11,4	11,8
De 8 a 7	27,4	24,3
De 6 a 5	30,5	27,4
De 4 a 3	9,7	7,2
De 2 a 0	21,0	29,3
Media	5,2	4,8
<b>Galerías de arte</b>		
De 10 a 9	8,8	7,8
De 8 a 7	19,1	14,4
De 6 a 5	28,9	21,6
De 4 a 3	16,2	12,7
De 2 a 0	26,9	43,6



Media	4,6	3,5
<b>Monumentos</b>		
De 10 a 9	21,0	20,4
De 8 a 7	36,0	35,6
De 6 a 5	24,5	23,6
De 4 a 3	6,3	5,3
De 2 a 0	12,2	15,1
Media	6,4	6,1
<b>Xacementos arqueolóxicos</b>		
De 10 a 9	16,7	17,0
De 8 a 7	28,0	26,6
De 6 a 5	27,9	23,4
De 4 a 3	9,1	6,9
De 2 a 0	18,3	26,1
Media	5,6	5,2
<b>Arquivos</b>		
De 10 a 9	4,9	3,5
De 8 a 7	11,9	8,8
De 6 a 5	22,4	15,4
De 4 a 3	16,3	9,5
De 2 a 0	44,4	62,8
Media	3,3	2,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao fío do anterior, cómpre sinalar que a valoración media do grao de interese da poboación xeral tanto polos museos, exposicións e galerías de arte como polos monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos foi en aumento dende que se dispón de información sobre este indicador, período que abrangue dende 2014-2015 ata 2021/22. Os monumentos son os máis valorados, seguidos polos xacementos arqueolóxicos e os museos, os únicos que obteñen un aprobado. No conxunto estatal, museos e xacementos interesan na mesma medida, xa que obteñen os dous unha puntuación de 5,6. En segundo lugar están as exposicións, que obteñen un 5,2, fronte ao 4,8 que lles outorgan os galegos e galegas.

**Evolución da valoración media do grao de interese polos museos, exposicións, galerías de arte, monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos (escala de 0 a 10) (%)**


	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
Museos	4,7	5,2	5,6
Exposicións	4,3	4,8	5,2
Galerías de arte	3,8	4,1	4,6
Monumentos	5,2	5,7	6,4
Xacementos arqueolóxicos	4,3	4,8	5,6
Arquivos	2,6	2,8	3,3

<b>Galicia</b>			
Museos	4,1	4,6	5,0
Exposicións	4,0	4,4	4,8
Galerías de arte	3,1	3,5	3,5
Monumentos	5,0	5,7	6,1
Xacementos arqueolóxicos	4,0	4,4	5,2
Arquivos	2,2	2,2	2,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A COVID-19, a falta de interese e de tempo e a falta de oferta na zona de residencia son as principais causas que motivan que as persoas en xeral vayan menos aos museos. A porcentaxe de galegos e galegas que alegan a falta de oferta na súa zona como un dos motivos fundamentais polos que non van aos museos é 4,7 puntos porcentuais superior á do conxunto estatal (o 18,1% fronte ao 13,4%). Algo semellante sucede coa falta de interese, razón pola que non visita os museos o 22,3% da poboación galega, fronte ao 20,2% da estatal.

#### Motivos que máis inflúen en que a poboación non vaia máis aos museos (2021/22)



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Como se observa na seguinte táboa, entre as actividades analizadas neste apartado, as visitas a monumentos e exposicións son as que atraen unha maior porcentaxe da poboación galega, o 30% e o 20,2% respectivamente, mentres que os arquivos e as galerías de arte son os que menos (o 4,9% e o 5,6%). No conxunto estatal, en cambio, a preferencia polos museos é lixeiramente superior á de Galicia, ao contrario do que sucede coas exposicións (o 14,5% no total de España fronte ao 20,2% en Galicia).

**Porcentaxe de persoas que visitaron museos, exposicións, galerías de arte, monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos (2021/22)**

	España	Galicia
<b>Museos, exposicións e galerías de arte</b>		
Total	25,5	27,5
Museos	20,1	19,5
Exposicións	14,5	20,2
Galerías de arte	6,9	5,6
<b>Monumentos e xacementos</b>		
Total	28,2	31,9
Monumentos	26,4	30,0
Xacementos arqueolóxicos	11,6	13,3
Arquivos	3,5	4,9

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por orde de prioridade, os galegos e galegas visitan con maior frecuencia os monumentos, co 30% de persoas que o fixo no último ano, ben nos últimos tres meses (20,1%) ou ben entre tres meses e un ano (9,9%). Logo están as exposicións, co 20,2% de persoas que as visitou no último ano, ben nos últimos tres meses (10,9%) ou ben entre tres meses e un ano (9,4%). A preferencia polas exposicións destaca de xeito significativo con respecto ao total de España (o 20,2% das persoas que residen en Galicia visitou algunha no último ano fronte ao 14,5% no conxunto estatal). As galerías de arte son as que captan a menor porcentaxe de público en xeral, aínda que na comunidade galega a porcentaxe de persoas que non as visitaron nunca ou case nunca acada o 60,5%, fronte ao 46,1% do total do Estado.




**Persoas que visitaron museos, exposicións, galerías de arte, monumentos e xacementos arqueolóxicos, segundo a frecuencia (2021/22)**

	España	Galicia
<b>Museos</b>		
Total visitaron no último ano	20,1	19,5
Nos últimos tres meses	11,6	11,5
Entre tres meses e un ano	8,5	8,0
Hai máis dun ano	59,5	60,1
Nunca ou case nunca	20,3	20,5
<b>Exposicións</b>		
Total visitaron no último ano	14,5	20,2
Nos últimos tres meses	8,2	10,9
Entre tres meses e un ano	6,4	9,4
Hai máis dun ano	55,0	50,3
Nunca ou case nunca	30,5	29,4
<b>Galerías de arte</b>		
Total visitaron no último ano	6,9	5,6
Nos últimos tres meses	3,6	3,2
Entre tres meses e un ano	3,3	2,4
Hai máis dun ano	47,0	34,0
Nunca ou case nunca	46,1	60,5
<b>Monumentos</b>		
Total visitaron no último ano	26,4	30,0
Nos últimos tres meses	16,9	20,1
Entre tres meses e un ano	9,5	9,9
Hai máis dun ano	56,3	55,6
Nunca ou case nunca	17,3	14,4
<b>Xacementos arqueolóxicos</b>		
Total visitaron no último ano	11,6	13,3
Nos últimos tres meses	6,2	7,6
Entre tres meses e un ano	5,5	5,8
Hai máis dun ano	54,4	52,3
Nunca ou case nunca	34,0	34,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O indicador de asistencia a museos permite analizar a evolución da porcentaxe de persoas que realizaron algunha visita a estes espazos nos últimos vinte anos. Como se pode ver na seguinte gráfica, a tendencia xeral é positiva e acada o máximo de visitantes no período 2018-2019 (35,9% en Galicia e 40,5% no conxunto estatal), aínda que esta traxectoria se trunca no último bienio, afectada pola crise da COVID-19, e experimenta unha caída de visitantes de 16,4 puntos na comunidade galega e de 20,4 puntos no total de España.

### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a museos no último ano



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ademais de visitar as coleccións permanentes ou temporais dos museos, os e as visitantes realizan tamén outras actividades nestes espazos. As principais son as relacionadas con conferencias e proxeccións audiovisuais e as de carácter educativo. Hai que salientar que a práctica desta última acada o 5,1% na comunidade galega, a metade do que sucede conxunto estatal.

#### Porcentaxe de persoas que visitaron museos nun ano, segundo as actividades que realizaron a última vez que foron (2021/22)

	España	Galicia
Visitas á colección permanente ou temporal do museo	99,3	100,0
Outras actividades		
Total	16,6	10,8
Educativas	10,2	5,1
Cursos, obradoiros, seminarios, xornadas	4,5	2,9
Conferencias e proxeccións audiovisuais	6,3	5,1
Concertos e outras actividades escénicas	2,3	2,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España


O 74,7% das persoas que visitan museos en Galicia acode en compañía de familiares ou amizades, índice moi similar ao do conxunto do Estado (73,5%). En cambio, é máis habitual achegarse só a un museo na comunidade galega que no total de España, o 15% fronte ao 7,8%, xusto o contrario do que sucede no caso da asistencia a estes espazos cos fillos ou con




outros nenos, un hábito practicado polo 7% dos galegos e galegas, 5,7 puntos porcentuais por debaixo da media estatal.

**Persoas que visitaron museos nun ano en función de se a última vez acudiron soas ou en compañía (2021/22) (%)**

España



Galicia




- Só
- Cos seus fillos ou outros nenos
- Con outros familiares ou amigos
- Grupo escolar
- Outros grupos organizados

- Só
- Cos seus fillos ou outros nenos
- Con outros familiares ou amigos
- Grupo escolar
- Outros grupos organizados

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

As visitas virtuais a museos, exposicións e galerías de arte, monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos son unha práctica minoritaria, con índices lixeiramente inferiores na comunidade galega que no conxunto de España, como se mostra na seguinte gráfica.


**Persoas que realizaron no último ano algunha visita virtual a museos, exposicións, galerías de arte, monumentos, xacementos arqueolóxicos e arquivos a través de Internet (2021/22) (%)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto aos datos de evolución da porcentaxe de persoas que realizaron visitas virtuais a museos, obsérvase que entre 2014-2015 e 2021/22 subiu lixeiramente en Galicia, cun pequeno descenso na etapa 2018-2019, ao contrario do que sucede no conxunto de España, que experimenta un pequeno descenso no período final tras o crecemento do bienio anterior.

**Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron no último ano algunha visita virtual a museos**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

### 3. Lectura e bibliotecas

A lectura de libros non relacionados coa profesión ou os estudos é a que esperta un maior interese entre a poboación. As franxas de avaliación que abranguen de 7 a 10 (nunha escala de 0 a 10) son as que aglutinan a maior porcentaxe. Así, por exemplo, o 23,6% da poboación galega e o 25,3% do conxunto da española amosan un interese pola lectura de 10 a 9. Isto reflíctese de xeito claro na nota media: a lectura de libros non relacionados coa profesión ou os estudos obtén 5,8 puntos no caso de Galicia e 6,2 puntos no total de España (1,8 puntos máis que a lectura de libros relacionados coa profesión ou os estudos no caso de lectores galegos e 1,4 puntos máis no total estatal).


#### Persoas segundo o grao de interese pola lectura (2021/22) (%)

	Lectura	Libros relacionados coa profesión ou os estudos	Libros non relacionados coa profesión ou os estudos
<b>España</b>			
De 10 a 9	26,0	14,1	25,3
De 8 a 7	30,3	21,2	27,8
De 6 a 5	24,4	24,6	24,0
De 4 a 3	7,8	11,1	8,2
De 2 a 0	11,5	28,9	14,8
Media	6,5	4,8	6,2
<b>Galicia</b>			
De 10 a 9	23,8	11,3	23,6
De 8 a 7	28,7	19,5	26,5
De 6 a 5	24,6	20,2	20,7
De 4 a 3	9,2	7,0	9,3
De 2 a 0	13,7	42	19,9
Media	6,2	4,0	5,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A falta de tempo é a causa principal pola que a poboación non le ou non le máis (o 52,8% da poboación galega e o 51,6% do total de España). As respostas «non ten interese» e «non lle gusta» ocupan o segundo e o terceiro lugar con certa variación, como mostra a seguinte gráfica.

**Motivos principais polos que a poboación non le ou non se le máis (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Case un 64% dos galegos e galegas leu libros no último ano, a maior parte por motivos alleos á profesión e aos estudos e fundamentalmente en formato papel. A porcentaxe de lectores é superior en Galicia que no conxunto estatal, a excepción da lectura en formato dixital ou directamente de Internet. No que respecta á prensa e ás revistas, un 79% le xornais diarios de información xeral (10,7 puntos porcentuais por riba do conxunto estatal), un 34,4% le prensa deportiva e case un 25% le revistas culturais, nestes dous casos con índices lixeiramente inferiores aos do resto do Estado. En relación co acceso ás bibliotecas, un 19,5% da poboación galega acudiu a estas ou accedeu a elas a través de Internet, en ambos os dous casos en porcentaxes algo superiores á media estatal.

**Persoas que leron libros ou prensa ou que accederon a bibliotecas no último ano (2021/22) (%)**

		Es- paña	Gali- cia
Leron libros	Total	61,7	63,9
	Por profesión ou estudos	29,2	31,5
	Por outros motivos	55,8	58,3
	En formato papel	57,8	60,8
	En formato dixital	24,4	21,3
	Directamente de Internet	8,6	6,5
	Nun lector de libros dixitais	5,6	5,3
	A través doutros soportes móbiles (tableta, <i>smartphone</i> ...)	5,2	5,9
Leron prensa	A través de plataformas dixitais	1,4	1,2
	Diaría de información xeral	68,3	79,0
Leron revistas culturais	Deportiva	35,0	34,4
		26,7	24,8
Foron ou accederon a bibliotecas	Total	18,4	19,5
	Foron a unha biblioteca	15,0	16,4
	Accederon por Internet	6,8	7,3

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O 87,6% da poboación galega leu no último mes, 6,5 puntos porcentuais por riba do total de España. Este índice mensual é superior no caso da lectura de libros e blogs e, sobre todo, no da prensa, co 81,3% de lectores, 10,2 puntos máis que no conxunto estatal.

**Persoas que leron no último mes segundo diversas formas de lectura (2021/22) (%)**


	España	Galicia
Total tipoloxías	81,1	87,6
Lectura de libros	44,2	49,3
Lectura de prensa	71,1	81,3
Lectura de enciclopedias	10,0	9,8
Lectura de blogs	13,2	14,1
Outras formas de lectura	1,9	1,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A poboación xeral le máis libros na actualidade que hai vinte anos, un 63,9% en Galicia e un 61,7% no conxunto estatal, o que supón un incremento respecto ao inicio do período analizado dun 13,2% e un 16,2% respectivamente. Como mostra a seguinte gráfica de evolución, a porcentaxe de lectores foi lixeiramente superior no total de España que na comunidade galega ao longo da serie temporal, a excepción do primeiro bienio e do último.



### Evolución da porcentaxe de persoas que leron libros no último ano



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Na análise de evolución segundo a frecuencia con que se len libros, obsérvase que, a excepción do segundo bienio, o índice de poboación lectora en Galicia aumenta progresivamente en todos os indicadores ata a actualidade, con incrementos importantes na lectura mensual. Porén, no conxunto estatal, aínda que a tendencia do hábito de ler libros é claramente alcista entre 2002 e 2019, no último bienio experimenta un descenso de entre 3 e 4 puntos.

Ademais, as persoas que no len nunca ou case nunca descendieron de xeito destacable dende que se teñen datos. En 2006-2007, o 38,4% da poboación galega non lía nunca ou case nunca, índice que caeu ata o 14,8% nos anos 2021/22 e que no caso do total de España pasou do 29,1% ao 15,6%.

### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a frecuencia de lectura de libros

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total no último ano	45,5	57,7	58,7	62,2	65,8	61,7
Na última semana	-	-	-	-	36,4	32,9
Nos últimos tres meses	37,6	-	-	-	-	-
No último mes	-	41,9	43,2	43,2	47,5	44,2
Entre un e tres meses	-	7,4	51,1	52,9	56,4	52,4
Entre tres meses e un ano	7,9	8,4	7,6	9,3	9,4	9,3
Hai máis dun ano	3,6	13,1	16,4	16,8	17,6	22,7

Case nunca	20,7	-	-	-	-	-
Nunca	30,2	-	-	-	-	-
Nunca ou case nunca	-	29,1	24,9	21,0	16,6	15,6
<b>Galicia</b>						
Total no último ano	50,7	48,5	53,3	57,6	63,0	63,9
Na última semana	-	-	-	-	36,4	38,2
Nos últimos tres meses	46,0	-	-	-	-	-
No último mes	-	33,8	39,0	37,5	46,6	49,3
Entre un e tres meses	-	6,4	45,8	46,8	53,8	55,5
Entre tres meses e un ano	4,7	8,3	7,5	10,8	9,3	8,4
Hai máis dun ano	3,2	13,1	18,8	13,2	15,4	21,3
Case nunca	19,5	-	-	-	-	-
Nunca	26,6	-	-	-	-	-
Nunca ou case nunca	-	38,4	27,9	29,2	21,6	14,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O 63,9% da poboación galega leu libros no último ano, o 31,5% relacionados coa profesión ou os estudos e o 58,3% non relacionados. Os tres índices superan os do conxunto estatal (61,7%, 29,2% e 55,8% respectivamente).

#### Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia de lectura de libros (2021/22)

	Lectura de libros	Libros relacionados coa profesión ou estudos	Libros non relacionados coa profesión ou estudos
<b>España</b>			
Total último ano	61,7	29,2	55,8
Na última semana	32,9	12,1	27,7
No último mes	44,2	17,4	38,5
Entre un e tres meses	52,4	22,5	46,4
Entre tres meses e un ano	9,3	6,7	9,3
Hai máis dun ano	22,7	31,3	24,8
Nunca ou case nunca	15,6	39,6	19,4
<b>Galicia</b>			
Total último ano	63,9	31,5	58,3
Na última semana	38,2	14,7	31,5
No último mes	49,3	20,6	41,4
Entre un e tres meses	55,5	25,7	47,8
Entre tres meses e un ano	8,4	5,8	10,5
Hai máis dun ano	21,3	27,9	23,5
Nunca ou case nunca	14,8	40,6	18,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O 47,8% da poboación galega leu algún libro nun trimestre por motivos alleos á súa profesión ou estudos, 1,4 puntos porcentuais máis que no total

de España. O papel segue a ser o formato preferido por todas as persoas lectoras, o 45,6% no caso de Galicia, 2,5 puntos máis que no conxunto estatal. En cambio, a lectura en formato dixital só acada o 9,9% de lectores na comunidade galega, fronte a unha media nacional do 13,3%. O número medio de libros tanto en formato papel como dixital non varía e sitúase en 3,6 nun trimestre, mentres que no total de España o libro dixital supera o de formato papel (3,6 fronte a 2,9).


**Porcentaxe de persoas que leron nun trimestre e número medio de libros lidos (2021/22)**

		Por profesión ou estudos					
		Total		Por profesión ou estudos		Por outros motivos	
		España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total leron	Poboación (%)	52,4	55,5	22,5	25,7	46,4	47,8
	Nº medio de libros	4,9	5,1	3,9	4,4	3,7	3,6
En formato papel	Poboación (%)	48,8	52,7	19,3	22,4	43,1	45,6
	Nº medio de libros	3,7	4,1	3,0	3,4	2,9	3,1
En formato dixital	Poboación (%)	18,2	15,7	9,1	9,3	13,3	9,9
	Nº medio de libros	4,2	4,4	3,2	4,1	3,6	3,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O tempo de lectura de libros en xeral é lixeiramente inferior en Galicia (2 horas e 12 minutos) ao do total de España (unhas dúas horas e media). A lectura de libros relacionados coa profesión ou os estudos é a que ocupa a maior parte do tempo.


**Tempo medio diario (minutos) que dedican á lectura de libros as persoas que len nun trimestre (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España



A poboación galega mercou máis libros tanto no último ano (o 42% na comunidade galega fronte ao 36,4% no total de España) como no último trimestre (o 34,3% fronte ao 27,5%), como amosa a seguinte gráfica.



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O formato papel é o preferido polo 95% da poboación galega que mercou libros (94,5% no conxunto estatal). Só o 11,3% elixiu o formato dixital, 5 puntos por debaixo do total de España (16,3%).

**Persoas que mercaron libros no último ano segundo o formato (2021/22)**

	% da poboación total	% da poboación que mercou
<b>España</b>		
Total	36,4	100,0
En formato papel	34,4	94,5
En formato dixital	5,9	16,3
<b>Galicia</b>		
Total	42,0	100
En formato papel	40,0	95,0
En formato dixital	4,8	11,3

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O número medio de libros comprados en Galicia é de 5 nun trimestre, cantidade semellante á do conxunto estatal (5,3). Do total de persoas que mercaron nun trimestre, o 11,3% adquiriu de 2 a 3 libros; o 6,8%, de 4 a 5, e o 9,3%, máis de 5.


**Porcentaxe de persoas segundo a compra de libros nun trimestre e número medio de libros comprados (2021/22)**

	España	Galicia
Total mercaron nun trimestre	27,5	34,3
1	6,6	6,9
De 2 a 3	9,3	11,3
De 4 a 5	4,6	6,8
Máis de 5	7,1	9,3
Nº medio de libros comprados por trimestre (para as persoas que mercaron)	5,3	5,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A liña de evolución da porcentaxe de persoas que mercaron libros nun trimestre en Galicia amosa unha tendencia alcista nas últimas dúas décadas, cunha suba algo máis acentuada no bienio final, no que por primeira vez en toda a serie estudada a porcentaxe de poboación que merca libros supera o 34%, o que supón un incremento respecto ao bienio anterior do 7,1%. No caso do total de España, percíbese un trazo máis irregular, cun ascenso entre os anos 2006-2015, no que case o 37% da poboación mercaba libros trimestralmente, e a partir dese período comeza un descenso de case 10 puntos porcentuais.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a compra de libros nun trimestre**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto á prensa e ás publicacións periódicas, o 81,3% da poboación galega le este tipo de produtos polo menos unha vez ao mes, máis de 10 puntos porcentuais por riba do conxunto estatal. A porcentaxe de persoas que

len prensa de información xeral ou deportiva, revistas culturais ou outro tipo de revistas tamén é superior en Galicia. A excepción da lectura de revistas, tanto culturais como doutro tipo, nos demais casos a porcentaxe de lectores en Internet é superior á das persoas que len en formato papel, tanto de pago como de balde.

**Porcentaxe de persoas que adoitan ler prensa ou publicacións periódicas polo menos unha vez ao mes (2021/22)**

		España	Galicia
Total	Prensa e publicacións periódicas	71,1	81,3
	Prensa de información xeral	65,2	78,0
	Prensa deportiva	32,5	33,4
	Revistas culturais	18,9	21,4
	Outras revistas	21,2	32,5
En papel	Prensa e publicacións periódicas	40,1	51,0
	Prensa de información xeral	30,9	42,1
	Prensa deportiva	15,8	17,0
	Revistas culturais	10,9	13,9
	Outras revistas	14,7	23,8
En Internet	Prensa e publicacións periódicas	49,0	53,7
	Prensa de información xeral	45,3	51,8
	Prensa deportiva	22,3	22,6
	Revistas culturais	10,3	10,4
	Outras revistas	9,0	11,6
En papel de balde	Prensa e publicacións periódicas	20,5	24,5
	Prensa de información xeral	16,8	21,2
	Prensa deportiva	8,5	10,0
	Revistas culturais	4,2	6,6
	Outras revistas	5,3	9,6
En papel con prezo	Prensa e publicacións periódicas	26,6	33,0
	Prensa de información xeral	17,4	24,0
	Prensa deportiva	8,7	8,6
	Revistas culturais	7,2	8,0
	Outras revistas	10,4	16
En Internet de balde	Prensa e publicacións periódicas	48,2	52,9
	Prensa de información xeral	44,5	51,0
	Prensa deportiva	22,0	22,1
	Revistas culturais	10,1	10,2
	Outras revistas	8,8	11,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A lectura de prensa diaria de información xeral é un hábito moi arraigado entre a poboación galega, con índices de lectura superiores aos do conxunto do Estado. Un 53% le todos ou case todos os días e un 75% polo menos unha vez á semana, máis de 12 e 14 puntos respectivamente sobre o total de España.




**Porcentaxe de persoas que len prensa diaria de información xeral segundo a frecuencia do hábito de lectura (2021/22)**

	España	Galicia
Polo menos unha vez ao mes	65,2	78,0
Todos ou case todos os días	40,6	53,1
Só as fins de semana	5,4	4,9
Polo menos unha vez á semana	60,8	75,2
Polo menos unha vez ao trimestre	66,5	78,3
Polo menos unha vez ao ano	68,3	79,0
Nunca ou case nunca	31,7	21,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Como se observa na seguinte gráfica, o índice de poboación galega que le prensa diaria de información xeral é superior ao do conxunto estatal en todo o período analizado, con diferenzas porcentuais significativas durante os últimos vinte anos.

**Evolución da porcentaxe de persoas que len prensa diaria de información xeral todos ou case todos os días**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Nunha escala de 0 a 10, en Galicia o grao de interese medio pola lectura de xornais é do 5,7, dous puntos máis que polas revistas. No caso dos xornais, a maior parte da poboación lectora valora o seu interese cunha nota que vai do 5 ao 8, mentres que a atracción polas revistas é menor.




**Grao de interese pola lectura de xornais e revistas  
(escala de 0 a 10) (2021/22)**

	Xornais	Revistas
<b>España</b>		
De 10 a 9	14,0	5,1
De 8 a 7	25,3	14,1
De 6 a 5	28,5	26,8
De 4 a 3	9,8	22,1
De 2 a 0	22,3	31,9
Media	5,3	-
<b>Galicia</b>		
De 10 a 9	18,9	4,6
De 8 a 7	28,4	14,7
De 6 a 5	25,1	26,1
De 4 a 3	7,2	16,6
De 2 a 0	20,4	38,0
Media	5,7	3,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto ás bibliotecas, no hábito de acudir a elas existe unha evolución irregular na comunidade galega. Entre 2006 e 2019 é máis baixo que no conxunto estatal; en cambio, no primeiro e no último bienio estudados, o índice de asistencia é lixeiramente superior. Como se observa na seguinte gráfica, o impacto da pandemia reflíctese nos datos recollidos nos anos 2021/22, cun índice de asistencia do 16,4% en Galicia e do 15% no conxunto estatal, 6,4 e 8 puntos porcentuais menos respectivamente que no bienio anterior.

**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron a unha biblioteca no último ano**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A análise sobre a evolución da porcentaxe de persoas que asistiron a unha biblioteca ou que accederon a ela a través de Internet achega resultados relativamente baixos. Dende o bienio 2006-2007 obsérvase unha tendencia ascendente desta práctica, ata acadar nos anos 2018-2019 os índices máis elevados (un total do 26,7% en Galicia e do 26,8% no conxunto estatal), cun aumento lento pero progresivo do acceso a través de Internet. Con todo, o descenso nos últimos dous anos da serie evidencia a influencia da pandemia, incluso no acceso dixital.

**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron ou accederon a través de Internet a bibliotecas no último ano**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total asistiron ou accederon por Internet	-	-	-	25,6	26,8	18,4
Asistiron	20,0	17,6	20,5	22,7	23,0	15,0
Accederon por Internet	-	4,6	9,6	7,9	9,9	6,8
<b>Galicia</b>						
Total asistiron ou accederon por Internet	-	-	-	21,8	26,7	19,5
Asistiron	21,4	13,4	16,3	18,6	22,8	16,4
Accederon por Internet	-	3,8	8,0	8,6	10,3	7,3

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O 19,5% da poboación galega asistiu ou accedeu por Internet ás bibliotecas no último ano de estudo e o 16% no último trimestre. As porcentaxes diminúen ao analizar os indicadores por separado: a asistencia a bibliotecas nun ano baixa ao 16,4% e no último trimestre ao 13,6%, mentres que o acceso a estas a través de Internet se reduce ao 7,3% no último ano e ao 4,8% no último trimestre. Hai que salientar que case a metade da poboación non foi nunca ou case nunca a bibliotecas nin accedeu a elas por Internet (o 46,1% no conxunto estatal) e que máis do 82% nunca accedeu a unha biblioteca a través de Internet.

**Porcentaxe de persoas segundo a asistencia ou acceso a través de Internet a bibliotecas (2021/22)**

	Total asistiron ou accederon por Internet	Asistiron	Accederon por Internet
<b>España</b>			
Total no último ano	18,4	15,0	6,8
No último trimestre	12,6	10,2	4,3
Entre tres meses e un ano	5,8	4,8	2,5
Hai máis dun ano	35,5	37,2	10,9



Nunca ou case nunca	46,1	47,7	82,3
<b>Galicia</b>			
Total no último ano	19,5	16,4	7,3
No último trimestre	16,0	13,6	4,8
Entre tres meses e un ano	3,5	2,8	2,5
Hai máis dun ano	31,1	33,5	9,9
Nunca ou case nunca	49,4	50,1	82,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España


Unha ampla porcentaxe da poboación presenta un grao moi baixo de interese por asistir a bibliotecas. Nunha escala de 0 a 10, o 57,4% en Galicia e o 45,3% no total de España outorgan unha puntuación de 0 a 2. A media do grao de interese extraída é de 2,7 e de 3,4 puntos, respectivamente.

**Porcentaxe de persoas segundo o grao de interese por asistir a bibliotecas (2021/22)**

	España	Galicia
De 10 a 9	6,7	5,6
De 8 a 7	11,8	12,4
De 6 a 5	21,2	14,9
De 4 a 3	15,0	9,7
De 2 a 0	45,3	57,4
Media	3,4	2,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A falta de interese e de tempo e os motivos vinculados coa COVID-19 son as tres causas principais polas que as persoas non van ou non van máis veces ás bibliotecas. Aínda que estes tres motivos son coincidentes en importancia, a diferenza porcentual na falta de interese é significativa: o 51,6% dos galegos e galegas fronte ao 43,4% do conxunto estatal.

**Motivos polos que a poboación non vai ou non vai máis veces á biblioteca (2021/22)**

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

**4. Artes escénicas**

Neste apartado descríbense os hábitos e prácticas relacionados coas artes escénicas e musicais, ademais dos indicadores de asistencia a este tipo de espectáculos, concretamente ao teatro, ópera, zarzuela e, dende 2014, tamén ao circo. Nalgúns deles proporciónase, ademais, os resultados da investigación doutras cuestións: hábitos ou usos específicos en relación cunha actividade determinada, ou motivacións que impulsan ou que impiden a asistencia a estes eventos. Incorporáanse diversos indicadores vinculados ás novas tecnoloxías, tales como o acceso a este tipo de espectáculos a través de Internet.

En primeiro lugar, analízase o grao de interese da poboación polas distintas artes escénicas. Nos vinte anos que abrangue esta serie histórica, pódese observar na seguinte táboa que a actividade escénica máis valorada é a do teatro. A actividade que máis incrementou o grao interese en España é a ópera (+0,9 puntos). En Galicia é tamén a ópera xunto co ballet/danza (+0,5 puntos). Na nosa comunidade, a actividade artística que máis aumentou o interese con respecto ao bienio anterior é o teatro (0,4



puntos), que acada unha valoración media de 5 puntos sobre 10. Pola contra, a actividade que esperta menos interese é a zarzuela, cunha puntuación media de 2,6.

**Valoración media do grao de interese polas artes escénicas**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Escénicas en xeral	-	-	-	5,2	5,4	5,6
Teatro	5,5	4,9	5,1	5,3	5,4	5,7
Ópera	2,8	2,8	2,9	3,0	3,5	3,7
Zarzuela	3,1	2,8	2,8	2,9	3,2	3,4
Ballet/Danza	3,2	3,1	3,3	3,3	3,8	4,0
Circo	-	-	-	3,9	4,0	4,2
<b>Galicia</b>						
Escénicas en xeral	-	-	-	4,3	4,7	4,5
Teatro	5,2	3,7	4,7	4,3	4,6	5,0
Ópera	2,6	2,0	2,8	2,3	2,9	3,1
Zarzuela	2,6	2,0	2,6	2,1	2,5	2,6
Ballet/Danza	3,0	2,4	3,2	2,9	3,2	3,5
Circo	-	-	-	3,6	3,5	3,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Con respecto á asistencia a espectáculos de artes escénicas, na serie histórica pode comprobarse que se incrementou en case todas as actividades ata 2018-2019. En 2021/22 reduciuse a asistencia debido ás restricións impostas pola pandemia da COVID-19.

**Evolución de persoas que asistiron a espectáculos de artes escénicas no último ano (%)**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Teatro	19,1	19,0	23,2	24,5	8,2
Ópera	2,7	2,6	2,6	3,3	0,9
Zarzuela	1,9	1,6	1,8	1,5	0,4
Ballet/Danza	5,1	6,1	7,0	8,0	2,0
<b>Galicia</b>					
Teatro	11,9	12,4	14,8	18,3	6,8
Ópera	1,9	2,2	1,5	2,8	0,4
Zarzuela	0,5	0,8	0,9	0,6	0,0
Ballet/Danza	2,2	4,1	5,0	6,9	2,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A continuación, analízanse os datos segundo a frecuencia con que asisten as persoas a cada un deste tipo de espectáculos de artes escénicas.

Con respecto ao teatro, cómpre destacar que a porcentaxe de poboación que non asistiu nunca ao teatro foi reducíndose ao longo da serie. En Galicia diminuíu en 30,4 puntos porcentuais e no conxunto de España en 25 puntos. Pode comprobarse que a tendencia que experimenta a asistencia ao teatro nun ano é crecente ata o bienio 2018-2019, agás en 2006-2007, no que descendeu 6,5 puntos porcentuais en Galicia. Tamén descendeu no último período estudado, polos motivos anteriormente mencionados.

#### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao teatro

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total nun ano	23,4	19,1	22,5	29,9	30,8	10,5
Nos últimos tres meses	9,5	7,7	11,0	13,0	13,2	5,4
Entre tres meses e un ano	13,9	11,3	11,4	16,9	17,6	5,1
Hai máis dun ano	8,1	25,8	28,6	35,8	40,1	46,8
Nunca	67,7	55,2	48,9	34,3	29,0	42,7
<b>Galicia</b>						
Total nun ano	18,4	11,9	14,6	20,6	24,7	8,8
Nos últimos tres meses	6,6	5,1	6,9	8,3	9,6	4,3
Entre tres meses e un ano	11,8	6,8	7,7	12,3	15,1	4,5
Hai máis dun ano	7,5	17,0	24,1	27,3	34,4	47,8
Nunca	73,8	71,1	61,3	52,2	40,9	43,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Se se analizan os motivos polos cales as persoas non asistiron a ningunha función de teatro, pódense observar algunhas similitudes e diferenzas entre Galicia e o conxunto do Estado. En primeiro lugar, no que se refire ás características comúns, cómpre salientar que o principal motivo polo que a poboación non asiste é a falta de interese por este tipo de eventos, e pódese constatar unha porcentaxe máis elevada entre a poboación galega. A este respecto cabe sinalar que, aínda que sexa a razón máis mencionada para xustificar que as persoas non vaian ao teatro, o certo é que foi diminuíndo ao longo da serie histórica, agás no último bienio, no que a porcentaxe se incrementou en 22,2 puntos porcentuais en Galicia e en 18,3 puntos no conxunto do Estado con respecto a 2018-2019.

En segundo lugar, o seguinte motivo polo que as persoas non van ao teatro difire en Galicia e no conxunto de España. Así, a poboación galega aduce como segundo motivo para non asistir ao teatro a escaseza de oferta, mentres que no total do Estado é a falta de tempo. Ademais, tamén é interesante o feito de que, mentres que en Galicia o prezo elevado das

entradas non parece que sexa un obstáculo importante á hora de asistir a funcións de teatro (entre o 3% e o 8% da poboación menciónao como motivo para non asistir en toda a serie histórica), no conxunto de España a porcentaxe de persoas que consideran caro asistir a estes espectáculos duplicase.

**Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces ao teatro (%)**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
É caro	14,6	15,9	19,0	14,7	6,0
É difícil conseguir entradas	1,8	2,9	1,8	1,2	0,6
Hai pouca oferta	16,0	15,3	14,0	15,2	11,3
Hai pouca información	3,5	6,0	4,5	3,8	4,0
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	2,2	2,1	1,3	1,7	0,5
Resúltalle difícil saír da casa	4,6	6,4	7,4	5,3	2,2
Resúltalle difícil entender	1,6	4,3	3,2	1,4	0,5
Non ten tempo	20,8	20,5	23,4	25,4	11,7
Non ten interese	32,5	23,8	22,5	27,6	45,9
Non ten con quen ir	2,4	2,7	3,0	2,4	1,1
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,3	0,7
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	14,7
<b>Galicia</b>					
É caro	6,7	8,9	7,6	7,9	3,5
É difícil conseguir entradas	1,6	1,6	1,8	1,6	0,5
Hai pouca oferta	20,1	20,9	15,0	20,8	13,1
Hai pouca información	3,5	7,1	5,2	6,3	1,7
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	2,9	2,3	1,1	0,3	1,1
Resúltalle difícil saír da casa	2,2	4,1	7,1	3,8	1,8
Resúltalle difícil entender	1,7	1,5	1,6	0,7	0,2
Non ten tempo	17,0	17,2	23,7	21,8	10,0
Non ten interese	41,0	33,5	34,9	31,6	53,8
Non ten con quen ir	3,2	2,8	2,1	3,0	1,1
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	2,2	0,7
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	12,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Con respecto aos datos sobre a asistencia á ópera, máis do 80% da poboación non foi nunca a este tipo de eventos artísticos. Esta cifra foise reduciendo lixeiramente ao longo da serie en máis de 10 puntos, pero a porcentaxe de poboación que asiste segue a ser moi reducida.

#### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a frecuencia de asistencia á ópera

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
No último ano	3,0	2,7	2,6	2,6	3,3	0,9
Hai máis dun ano	2,6	10,6	11,8	14,2	18,2	16,9
Nunca	93,9	86,7	85,6	83,1	78,5	82,2
<b>Galicia</b>						
No último ano	2,8	1,3	2,2	1,5	2,8	0,4
Hai máis dun ano	1,4	8,0	10,3	9,0	11,6	14,9
Nunca	95,8	90,6	87,4	89,5	85,6	84,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O motivo principal polo que as persoas non asisten a eventos operísticos é, ao igual que no caso do teatro, a falta de interese. Este desinterese, concretamente en Galicia, pode estar relacionado coa escaseza de oferta, motivo que rexistra unha porcentaxe de resposta superior á do conxunto do Estado. O seguinte motivo mencionado é a falta de tempo para asistir a estes eventos.

#### Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces á ópera

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
É caro	10,1	11,8	13,4	9,9	3,7
É difícil conseguir entradas	1,3	2,0	1,3	1,1	0,6
Hai pouca oferta	10,7	11,0	10,3	9,8	6,3
Hai pouca información	2,5	4,8	3,6	2,5	2,5
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	1,5	1,6	1,2	1,5	0,5
Resúltalle difícil saír da casa	3,7	5,2	6,0	4,0	1,4
Resúltalle difícil entender	3,5	8,0	7,1	2,8	1,3
Non ten tempo	15,4	19,2	21,4	18,0	7,8
Non ten interese	49,2	34,1	33,5	47,7	65,5
Non ten con quen ir	2,0	2,2	2,2	1,8	0,9
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,1	0,4
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	8,4
<b>Galicia</b>					
É caro	4,4	5,7	5,8	4,9	2,3

É difícil conseguir entradas	1,2	1,2	1,3	0,9	0,7
Hai pouca oferta	14,7	17,6	11,1	14,1	9,7
Hai pouca información	2,5	4,7	5,3	3,9	0,6
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	1,9	1,8	1,0	0,4	0,6
Resúltalle difícil saír da casa	2,1	3,8	5,9	3,0	1,0
Resúltalle difícil entender	3,8	2,8	4,4	1,3	0,5
Non ten tempo	15,1	17,6	21,4	19,2	5,3
Non ten interese	51,2	42,9	42,3	48,3	71,6
Non ten con quen ir	3,1	1,8	1,6	2,1	0,6
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	2,0	0,4
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	6,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No que respecta á asistencia á zarzuela, cómpre sinalar que a porcentaxe de persoas que non foron nunca a este tipo de espectáculos é moi elevada en toda a serie: en Galicia supera o 90% todos os anos.

#### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a zarzuela

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
No último ano	2,6	1,9	1,6	1,8	1,5	0,4
Hai máis dun ano	2,8	11,0	10,8	13,0	15,0	13,3
Nunca	94,1	87,1	87,6	85,3	83,5	86,4
<b>Galicia</b>						
No último ano	1,4	0,5	0,8	0,9	0,6	0,0
Hai máis dun ano	1,4	7,0	8,5	5,7	7,8	10,0
Nunca	97,2	92,5	90,7	93,4	91,6	90,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A taxa tan elevada de persoas que non van nunca a eventos de zarzuela explícase maioritariamente pola falta de interese neste tipo de espectáculos de artes escénicas. Os seguintes motivos máis mencionados coinciden con porcentaxes moi semellantes nos dous casos: a falta de tempo e a escaseza de oferta.

#### Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces á zarzuela

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
É caro	9,6	11,0	12,3	6,7	2,7
É difícil conseguir entradas	1,1	1,9	1,1	0,7	0,3
Hai pouca oferta	11,1	11,3	10,7	9,3	6,2

DOCUMENTOS DE TRABAJO

Hai pouca información	2,6	4,9	3,8	2,5	2,4
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	1,7	1,8	1,3	1,2	0,7
Resúltalle difícil saír da casa	3,7	5,3	6,0	3,8	1,4
Resúltalle difícil entender	2,9	7,6	6,7	2,8	1,0
Non ten tempo	15,4	19,3	21,5	17,0	7,4
Non ten interese	49,9	34,7	34,4	53,1	68,0
Non ten con quen ir	2,0	2,2	2,3	1,7	0,8
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	-	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,1	0,5
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	7,6
<b>Galicia</b>					
É caro	4,2	5,6	5,0	3,5	1,8
É difícil conseguir entradas	1,3	1,3	1,2	0,6	0,6
Hai pouca oferta	15,4	16,8	10,9	12,3	6,7
Hai pouca información	2,6	4,9	5,4	4,1	0,5
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	1,8	1,8	1,1	0,3	1,0
Resúltalle difícil saír da casa	2,1	3,9	5,8	2,6	0,9
Resúltalle difícil entender	3,9	2,8	3,8	1,3	0,2
Non ten tempo	15,1	17,8	21,8	17,7	4,4
Non ten interese	50,7	43,1	43,7	53,6	78,0
Non ten con quen ir	2,9	2,1	1,5	2,1	0,2
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	-	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,9	0,5
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	4,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os espectáculos de ballet ou danza rexistran taxas de asistencia superiores aos de ópera e zarzuela, sobre todo cando se trata da asistencia no último ano. Aínda así, a porcentaxe de persoas que non van nunca segue a ser moi elevada. Pódese constatar que a asistencia a este tipo de eventos no último ano mostra unha tendencia ascendente, coa única excepción do último bienio, que se viu afectado polas consecuencias da pandemia.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a ballet/danza**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
No último ano	4,6	5,1	6,1	7,0	8,0	2,0
Hai máis dun ano	3,5	14,1	16,1	19,2	23,8	22,8
Nunca	91,3	80,8	77,8	73,8	68,2	75,2
<b>Galicia</b>						



No último ano	3,5	2,2	4,1	5,0	6,9	2,2
Hai máis dun ano	2,5	11,4	13,5	13,7	15,9	24,1
Nunca	94,1	86,5	82,4	81,3	77,2	73,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto aos motivos polos que a xente non vai ao ballet ou danza, seguen a ser os tres mencionados no caso das outras artes escénicas, é dicir, en primeiro lugar a falta de interese e logo a falta de tempo e a escaseza de oferta. Con respecto a este último motivo, parece que a oferta vai incrementándose, porque a tendencia a mencionar este motivo diminúe.

**Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces ao ballet/danza**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
É caro	10,2	12,0	13,8	9,8	3,4
É difícil conseguir entradas	1,2	2,0	1,2	0,9	0,4
Hai pouca oferta	12,1	12,0	11,4	10,5	6,9
Hai pouca información	3,0	5,1	4,0	2,9	2,6
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	1,8	1,9	1,3	1,8	0,7
Resúltalle difícil saír da casa	3,8	5,6	6,4	4,5	1,6
Resúltalle difícil entender	2,8	6,8	5,7	2,4	0,9
Non ten tempo	16,7	20,2	22,1	20,8	9,3
Non ten interese	46,3	32,2	31,8	43,4	62,5
Non ten con quen ir	2,2	2,3	2,4	1,8	0,8
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,1	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,2	0,6
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	9,6
<b>Galicia</b>					
É caro	4,7	6,2	5,6	5,0	2,3
É difícil conseguir entradas	1,2	1,3	1,4	0,7	0,5
Hai pouca oferta	16,1	18,1	12,8	13,8	9,7
Hai pouca información	3,1	5,4	5,7	4,0	1,1
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	2,5	2,0	1,1	0,6	1,2
Resúltalle difícil saír da casa	2,2	4,0	6,3	3,3	1,6
Resúltalle difícil entender	3,2	2,1	3,1	1,5	0,2
Non ten tempo	15,5	18,2	22,5	20,4	7,2
Non ten interese	48,3	40,7	39,9	46,0	66,8
Non ten con quen ir	3,1	2,0	1,7	2,8	0,4
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,3
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	2,2	0,6
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	8,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O circo é a última das artes escénicas que se analiza nesta enquisa e da que se incorporan datos dende o ano 2014-2015. Aínda que as cifras de persoas que non foron nunca ao circo son inferiores ás das outras artes escénicas, en Galicia superan nos tres períodos o 60%, mentres que no conxunto de España roldan o 50%.

#### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a circo

	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
No último ano	7,7	7,3	1,6
Nos últimos 3 meses	1,8	1,8	0,7
Entre 3 meses e un ano	5,9	5,5	0,9
Hai máis dun ano	37,5	37,6	36,8
Nunca	54,7	55,1	61,6
<b>Galicia</b>			
No último ano	6,5	5,0	0,6
Nos últimos 3 meses	1,7	0,6	0,2
Entre 3 meses e un ano	4,8	4,5	0,4
Hai máis dun ano	26,4	31,0	28,0
Nunca	67,1	64,0	71,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O principal motivo polo que as persoas non van ao circo segue a ser a falta de interese, pero neste caso a proporción é inferior á das outras artes escénicas. A falta de tempo é a segunda causa mencionada e a escaseza de oferta a terceira.

#### Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces ao circo

	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
É caro	15,0	8,2	3,2
É difícil conseguir entradas	1,1	0,6	0,4
Hai pouca oferta	13,6	13,6	9,6
Hai pouca información	3,5	2,2	2,4
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	1,1	1,3	0,3
Resúltalle difícil saír da casa	6,4	3,8	1,3
Resúltalle difícil entender	3,4	2,1	0,5
Non ten tempo	22,9	18,5	8,4
Non ten interese	30,2	46,2	61,3
Non ten con quen ir	2,8	2,4	0,9
Só dispoñibles en revenda	-	0,0	0,1





Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	1,0	0,5
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	10,1
<b>Galicia</b>			
É caro	6,8	4,9	1,3
É difícil conseguir entradas	1,0	0,6	0,2
Hai pouca oferta	11,8	15,3	10,4
Hai pouca información	3,3	4,4	0,9
Prefire velo/escoitalo en televisión/vídeo/Internet/radio	0,9	0,2	0,9
Resúltalle difícil saír da casa	6,4	2,7	0,9
Resúltalle difícil entender	1,9	0,7	0,5
Non ten tempo	23,4	20,4	5,6
Non ten interese	42,2	45,6	71,1
Non ten con quen ir	2,2	3,2	0,4
Só dispoñibles en revenda	-	0,0	0,0
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	2,0	0,4
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	7,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 5. Música

Neste apartado analízanse datos sobre os hábitos e prácticas relacionadas coa música, como escoitar música, asistir a concertos ou tocar algún instrumento musical.

Para comezar, detállanse na seguinte táboa datos sobre a valoración media que lle outorga a poboación ao seu grao de atracción pola música. Pódese comprobar que a xente mostra moito interese pola música en xeral, cunha valoración por riba dos 7 puntos e que vai en aumento ao longo da serie. Escoitar música é a actividade máis puntuada, cunha valoración que chega ao 7,6 en Galicia e a 7,8 no conxunto de España. Os concertos de música actual reciben unha puntuación por riba dos 6 puntos e a valoración rexistra tamén unha tendencia crecente ao longo da serie. Por último, cómpre salientar que a actividade que menos interese esperta son os concertos de música clásica, que non chegan a acadar unha puntuación de 5; non obstante, tende a aumentar ao longo da serie, especialmente en Galicia, onde crece 1 punto entre 2006-2007 e 2021/22.



**Valoración media do grao de interese pola música (entre 0 e 10)**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Música en xeral	7,1	7,2	7,3	7,7	7,7
Concertos de música clásica	4,3	4,3	4,4	5,0	4,9
Concertos de música actual	6,0	6,2	6,2	6,6	6,6
Escoitar música	7,3	7,5	7,5	7,8	7,8
<b>Galicia</b>					
Música en xeral	7,1	7,3	7,0	7,6	7,6
Concertos de música clásica	3,6	4,7	3,9	4,6	4,6
Concertos de música actual	5,6	6,5	5,7	6,4	6,4
Escoitar música	7,3	7,4	7,2	7,6	7,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Entre as prácticas culturais que se analizan neste apartado están as actividades de escoitar música e de asistir a concertos. Con respecto á primeira, cómpre salientar que é unha actividade moi común entre a poboación, xa que máis dun 80% das persoas menciona que escoitan música. Porén, poden observarse diferenzas entre a evolución en Galicia e no total de España, xa que este hábito foi diminuindo lixeiramente no conxunto estatal (2,5 puntos porcentuais entre 2006-2007 e 2021/22), mentres que en Galicia experimentou un incremento de case 3 puntos porcentuais, agás en 2014-2015, cando descendeu 6 puntos con respecto a 2010-2011.

No que se refire ao hábito de asistir a concertos, pode observarse na seguinte táboa que aproximadamente un terzo da poboación foi a algún concerto no último ano, agás en 2021/22, cando a taxa de asistencia se reduciu a menos da metade por mor da pandemia. Cómpre salientar que en Galicia esta taxa é superior á do conxunto do Estado en todos os anos. Porén, cando se analiza o tipo de concertos aos que asiste a xente, pódense apreciar diferenzas con respecto á tendencia xeral. Por unha banda, a asistencia a concertos de música clásica é bastante variable nos diferentes anos, pero non supera o 10%. Por outra, a porcentaxe de concorrencia aos concertos de música actual é moi superior e a tendencia é ascendente. Con todo, o máis salientable é que en Galicia as taxas de asistencia a este tipo de eventos son en xeral superiores ás do conxunto do Estado.

**Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron algunha actividade relacionada coa música**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Asistir a concertos no último ano	-	30,2	29,2	34,2	12,9
Asistir a concertos de música clásica no último ano	8,4	7,7	8,6	9,4	3,9
Asistir a concertos de música actual no último ano	26,4	25,9	24,5	30,1	10,4
Escoitar música polo menos unha vez ao mes	86,9	82,7	85,5	85,8	84,4
<b>Galicia</b>					
Asistir a concertos no último ano	-	36,5	31,9	37,3	14,6
Asistir a concertos de música clásica no último ano	7,6	8,4	7,4	10,0	3,1
Asistir a concertos de música actual no último ano	26,2	32,1	28,4	33,9	12,6
Escoitar música polo menos unha vez ao mes	85,9	82,7	76,7	84,6	88,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A continuación, analízase a frecuencia con que a poboación adoita escoitar música. Aínda que o hábito de escoitar música todos os días é algo superior no conxunto de España que en Galicia, no último ano da serie a porcentaxe de persoas que escoitaban música todos os días acadou o 72,6%, é dicir, 7,9 puntos porcentuais por riba do conxunto do Estado. No outro extremo, a porcentaxe de persoas que non escoitan música nunca ou case nunca é máis elevada en Galicia, especialmente en 2014-2015, con máis de 9 puntos de diferenza. Porén, no último bienio desta serie histórica prodúcese o caso contrario, é dicir, a porcentaxe de poboación galega que declara que non escoita música nunca ou case nunca é 4,2 puntos porcentuais inferior á do total de España.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a frecuencia do hábito de escoitar música**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Todos os días	66,3	64,8	65,4	70,6	64,7
Polo menos unha vez á semana	84,6	79,8	82,8	83,5	81,6
Polo menos unha vez ao mes	86,9	82,7	85,5	85,8	84,4
Polo menos unha vez ao trimestre	87,6	83,7	86,4	86,5	85,0
Polo menos unha vez ao ano	87,9	84,4	87,2	87,2	85,7
Con menor frecuencia	1,8	-	-	-	-
Nunca ou case nunca	10,3	15,6	12,8	12,8	14,3
<b>Galicia</b>					

Todos os días	65,5	69,5	59,9	69,8	72,6
Polo menos unha vez á semana	83,1	80,7	74,7	83,2	86,4
Polo menos unha vez ao mes	85,9	82,7	76,7	84,6	88,8
Polo menos unha vez ao trimestre	86,5	83,7	77,2	85,0	89,4
Polo menos unha vez ao ano	86,8	84,0	78,1	85,1	89,9
Con menor frecuencia	1,2	-	-	-	-
Nunca ou case nunca	12,1	16,0	21,9	14,9	10,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Se se analizan os datos tendo en conta os equipos utilizados para escoitar música, pódese constatar unha evolución que vai paralela ao avance das tecnoloxías. Así, se en 2010-2011 o 87,5% da poboación en Galicia e o 80,7% no conxunto do Estado utilizaban a radio, en 2021/22 o emprego destes aparatos reduciuse en 26,1 e 25,1 puntos respectivamente. Outro feito destacable é que o uso de equipos de música portátiles se reduciu á metade. É salientable o uso do teléfono móbil como reprodutor musical, xa que se en 2010 o empregaba arredor do 9% da poboación, once anos despois xa o utiliza o 55,2% da poboación en Galicia e o 62,8% no conxunto do Estado. Por último, aumenta o uso de equipos conectados a Internet para este fin. Así, nos últimos catro anos este uso incrementouse en 14,3 puntos porcentuais en Galicia e en 13,5 no conxunto do Estado.

#### Evolución da porcentaxe de persoas que escoitan música segundo os equipos que adoitan utilizar

	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>				
Radio	80,7	75,3	65,7	55,6
Casetes ou discos de vinilo	2,9	-	-	-
CD, DVD, Blu-ray	32,4	-	-	-
Outros formatos dixitais	4,3	-	-	-
Móbil	9,8	30,3	48,5	62,8
Televisión	12,9	10,1	18,4	17,9
Ordenador	20,6	25,0	22,7	20,6
Tableta	-	4,9	8,4	7,8
Equipos de música portátiles	15,8	18,1	10,9	7,1
Outros equipos	6,6	15,1	9,7	13,7
Equipos conectados a Internet	-	-	53,2	66,7
<b>Galicia</b>				
Radio	87,5	76,9	73,4	61,4
Casetes ou discos de vinilo	2,7	-	-	-
CD, DVD, Blu-ray	24,0	-	-	-
Outros formatos dixitais	1,6	-	-	-
Móbil	9,0	22,6	38,2	55,2



Televisión	15,4	12,1	15,4	15,9
Ordenador	17,3	24,4	23,2	21,9
Tableta	-	2,8	9,0	8,2
Equipos de música portátiles	10,7	21,6	11,5	5,9
Outros equipos	5,5	13,3	13,7	16,5
Equipos conectados a Internet	-	-	48,3	62,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Con respecto aos medios empregados, os datos confirman igualmente que o uso da radio é cada vez menos común, aínda que en Galicia o 64,5% da poboación segue a sintonizala, fronte ao 58,7% no conxunto de España. Porén, no conxunto de España aumenta a escoita de emisoras de radio por Internet, algo que non acontece aquí. Outra conclusión importante é que en oito anos se triplicou a porcentaxe de persoas que escoitan música directamente de Internet e que en catro anos se duplicou o uso de plataformas dixitais musicais.

#### Evolución da porcentaxe de persoas que adoitan escoitar música segundo os medios ou soportes utilizados

		2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>				
Emisoras de radio	Total	78,2	67,9	58,7
	Directamente de Internet	7,1	9,0	9,8
Soportes físicos (CD, DVD etc.)		36,4	33,9	15,0
Soportes dixitais	Total	32,9	47,4	63,4
	Directamente de Internet	19,6	36,4	39,0
	Descarga dixital	-	9,8	5,6
	A través de plataformas dixitais	-	12,9	24,0
	Outros	-	-	7,8
Directamente de Internet		22,7	53,2	66,7
<b>Galicia</b>				
Emisoras de radio	Total	79,4	72,6	64,5
	Directamente de Internet	6,8	4,8	5,1
Soportes físicos (CD, DVD etc.)		31,5	34,8	21,9
Soportes dixitais	Total	30,0	42,7	58,5
	Directamente de Internet	16,7	29,4	35,5
	Descarga dixital	-	8,8	4,5
	A través de plataformas dixitais	-	13,4	29,9
	Outros	-	-	2,3
Directamente de Internet		20,4	48,3	62,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

De modo máis pormenorizado, as subscricións a plataformas dixitais de música aumentaron en 14 puntos. Estas subscricións incrementáanse tanto na modalidade gratuíta como na de pago, pero estas últimas rexistran 1 punto porcentual máis en Galicia que no conxunto do Estado.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a subscrición a plataformas dixitais de música no último trimestre**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total persoas subscritas	21,4	35,0
Subscricións gratuítas	11,4	19,5
Subscricións de pago	10,7	18,0
<b>Galicia</b>		
Total persoas subscritas	19,5	33,5
Subscricións gratuítas	9,0	15,7
Subscricións de pago	10,9	19,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto ao lugar onde se adoita escoitar música, a casa é o máis habitual e o transporte público o menos. Outro dato importante é que en Galicia o 55,2% da poboación escoita música no coche, 5,6 puntos porcentuais por riba do conxunto do Estado.

**Evolución da porcentaxe de persoas que adoitan escoitar música segundo o lugar**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Na casa	89,6	83,3	83,7	88,4	89,5
No traballo	18,4	16,8	16,4	20,6	18,5
No coche	40,1	43,6	51,1	55,3	49,6
No transporte público	4,8	6,2	9,0	11,6	11,6
Noutro lugar	6,6	6,4	10,4	13,0	18,4
<b>Galicia</b>					
Na casa	84,3	81,6	80,8	85,2	87,7
No traballo	14,3	17,6	15,2	19,6	19,6
No coche	49,1	55,9	59,9	63,1	55,2
No transporte público	2,4	3,9	6,3	8,8	8,2
Noutro lugar	4,0	6,9	11,0	10,4	15,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Con respecto ao tempo empregado, pódese constatar que a poboación galega pasa, de media, un pouco máis de tempo escoitando música no último bienio da enquisa. Porén, este tempo foise reducindo ao longo da serie. Os días que máis tempo emprega a xente para escoitar música son os laborables.

**Evolución da porcentaxe de persoas que adoitan escoitar música polo menos unha vez á semana e tempo medio de audición (minutos)**

		2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Total	Poboación (%)	79,8	82,8	83,5	81,6
	Tempo medio de audición	148,5	137,9	146,7	137,8
De luns a venres	Poboación (%)	78,5	81,6	82,3	80,2
	Tempo medio de audición	161,1	147,2	156,4	146,6
Fin de semana ou festivo	Poboación (%)	68,3	74,3	77,6	74,7
	Tempo medio de audición	144,5	133,9	137,6	133,4
<b>Galicia</b>					
Total	Poboación (%)	80,7	74,7	83,2	86,4
	Tempo medio de audición	151,5	160,1	130,0	140,6
De luns a venres	Poboación (%)	79,6	73,8	81,9	85,8
	Tempo medio de audición	162,0	171,4	135,6	149,5
Fin de semana ou festivo	Poboación (%)	72,4	67,5	78,9	80,7
	Tempo medio de audición	145,6	151,8	127,6	129,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Outro aspecto interesante ten que ver coa compra de música gravada. Na seguinte táboa os datos mostran que cada vez hai menos xente que compra contidos musicais. En Galicia, no último ano o 7,8% da poboación mercou música, pero no conxunto do Estado a porcentaxe aínda é máis baixa, do 5,2%. A evolución desta tendencia é claramente negativa, pois en quince anos a porcentaxe de persoas que compran música é seis veces inferior no conxunto de España e 3,3 veces inferior en Galicia.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a compra de música**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Total compraron no último ano	31,0	18,9	15,2	10,0	5,2
Nos últimos 3 meses	22,5	11,7	9,9	7,3	3,1
Entre 3 meses e un ano	8,5	7,2	5,3	-	-
Hai máis dun ano	15,2	21,2	21,7	-	-
Nunca ou case nunca	53,8	59,9	63,1	-	-
<b>Galicia</b>					
Total compraron no último ano	25,5	13,9	12,9	10,9	7,8
Nos últimos 3 meses	19,9	8,3	9,4	7,1	4,5
Entre 3 meses e un ano	5,5	5,6	3,5	-	-
Hai máis dun ano	10,4	25,8	15,7	-	-
Nunca ou case nunca	64,1	60,3	71,3	-	-

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os motivos principais polos que a xente non compra máis música son moi variados e foron evolucionando ao longo do tempo. En Galicia, o motivo

máis mencionado na serie temporal é que a música preferida polas persoas entrevistadas poden escoitala na radio ou na televisión, mentres que no conxunto de España no último ano da serie histórica se menciona como motivo principal que se escoita a música por Internet. Os motivos económicos ou os custos dos soportes físicos da música como CD, DVD, Blu-ray mencionábanse como motivo principal nos primeiros anos da serie.

**Evolución dos motivos principais polos que as persoas non compran máis música con marca**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Grava a música que quere de amigos	6,0	6,8	6,5	2,3	1,2
Baixa música de Internet	8,3	12,2	14,6	9,0	6,8
Os CD, DVD ou Blu-ray son caros	51,5	31,1	37,2	7,1	4,8
Non está ao día das novidades	4,7	6,0	9,9	2,8	2,7
A música non lle interesa demasiado	9,8	12,0	13,8	7,0	9,1
Non ten tempo para escoitar música	6,4	6,3	9,0	3,7	4,5
A música que quere oír óea pola radio ou TV	21,6	32,7	42,7	36,9	33,3
A música que quere oír óea por Internet	-	6,5	14,7	32,0	36,0
Obtena por subscrición a plataformas dixitais	-	-	-	9,9	18,4
Motivos económicos	-	-	-	33,2	20,9
Non a atopa en establecementos comerciais	-	-	-	0,7	0,8
Outros	16,9	16,2	18,5	6,8	11,3
<b>Galicia</b>					
Grava a música que quere de amigos	4,6	2,6	7,0	1,8	1,0
Baixa música de Internet	2,9	5,4	12,1	10,3	6,4
Os CD, DVD ou Blu-ray son caros	43,6	33,2	43,2	10,4	3,7
Non está ao día das novidades	3,4	3,1	11,2	1,7	2,1
A música non lle interesa demasiado	11,6	9,6	17,5	10,5	14,0
Non ten tempo para escoitar música	2,9	6,3	9,8	4,3	5,9
A música que quere oír óea pola radio ou TV	32,4	40,2	42,3	46,1	40,8
A música que quere oír óea por Internet	-	4,4	9,8	23,0	32,4
Obtena por subscrición a plataformas dixitais	-	-	-	13,0	27,1
Motivos económicos	-	-	-	-	11,1
Non a atopa en establecementos comerciais	-	-	-	1,2	0,7
Outros	17,6	11,1	14,4	5,9	13,3

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Un último aspecto que cómpre analizar é o da asistencia a concertos. O grao de interese da poboación é moi semellante e vai aumentando ao



longo da serie. O tipo de concertos preferidos son os de música actual, en detrimento dos de música clásica.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo o grao de interese polos concertos de música clásica e actual (escala de 0 a 10)**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Música clásica	4,3	4,3	4,4	5,0	4,9
Música actual	6,0	6,2	6,2	6,6	6,6
<b>Galicia</b>					
Música clásica	3,6	4,7	3,9	4,6	4,6
Música actual	5,6	6,5	5,7	6,4	6,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os eventos culturais en vivo foron unha das actividades que se viron máis afectadas pola pandemia e iso reflíctese claramente nos datos referentes á asistencia, xa que a porcentaxe de persoas que foron a algún concerto no último ano se reduciu sensiblemente. Porén, cómpre salientar que Galicia rexistra porcentaxes de asistencia a concertos superiores ás do conxunto do Estado en todas os períodos analizados.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a concertos**

	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>				
Total asistiron no último ano	30,2	29,2	34,2	12,9
Nos últimos 3 meses	14,4	12,9	16,0	7,3
Entre 3 meses e un ano	15,8	16,3	18,2	5,6
Hai máis dun ano	28,7	33,0	34,7	55,4
Nunca ou case nunca	41,1	37,8	31,1	31,7
<b>Galicia</b>				
Total asistiron no último ano	36,5	31,9	37,3	14,6
Nos últimos 3 meses	17,3	13,9	18,9	7,0
Entre 3 meses e un ano	19,1	18,0	18,4	7,6
Hai máis dun ano	27,7	21,9	28,7	59,4
Nunca ou case nunca	35,8	46,1	34,0	26,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os concertos de música clásica son os que rexistran as porcentaxes máis elevadas de persoas que non foron nunca ou case nunca; non obstante, foron diminuindo no período estudado, con cifras moi semellantes en Galicia e no conxunto do Estado. A tendencia da asistencia a concertos deste tipo no último ano é crecente, xa que entre 2002 e 2018 incrementouse en 2,1 puntos porcentuais en Galicia, mentres que no conxunto de Estado tan só creceu 1 punto.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a concertos de música clásica**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total asistiron no último ano	8,4	8,4	7,7	8,6	9,4	3,9
Nos últimos 3 meses	3,3	3,8	3,5	3,5	3,6	2,0
Entre 3 meses e un ano	5,1	4,5	4,2	5,1	5,8	1,9
Hai máis dun ano	4,6	16,2	17,3	20,7	25,5	29,8
Nunca ou case nunca	86,4	75,5	75,0	70,7	65,1	66,3
<b>Galicia</b>						
Total asistiron no último ano	7,9	7,6	8,4	7,4	10,0	3,1
Nos últimos 3 meses	2,4	3,3	3,9	3,1	4,3	1,8
Entre 3 meses e un ano	5,5	4,3	4,5	4,3	5,7	1,3
Hai máis dun ano	3,2	16,4	23,0	15,2	18,4	30,8
Nunca ou case nunca	88,6	76,0	68,6	77,5	71,5	66,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O motivo principal polo que as persoas galegas non van ou non van máis a concertos de música clásica é a falta de interese (51,7%). No conxunto de España esta porcentaxe é máis baixa, aínda que tamén aumentou moito nos últimos anos. A segunda razón pola que a xente non foi a este tipo de concertos é como consecuencia da COVID-19, pero en Galicia a porcentaxe que declarou esta razón é 2 puntos inferior á do conxunto estatal. En 2021/22, o terceiro motivo máis mencionado en Galicia é a escaseza de oferta de concertos deste tipo, mentres que no conxunto do Estado é a falta de tempo. O custo das entradas non parece que sexa unha causa para non ir a este tipo de eventos culturais en Galicia, xa que rexistra unha porcentaxe moi baixa en toda a serie, mentres que no conxunto do Estado esta porcentaxe supera en todo o período (menos no último bienio) o 10%.

**Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces a concertos de música clásica**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
É caro	10,9	12,5	14,3	10,7	4,7
É difícil conseguir entradas	1,4	2,3	1,3	1,1	0,7
Hai pouca oferta	13,0	12,3	11,1	10,7	8,8
Hai pouca información	3,0	4,9	3,9	3,0	2,8
Prefire velo/oílo en televisión/vídeo/Internet/radio	2,1	2,8	2,1	2,8	1,9
Resúltalle difícil saír da casa	4,7	5,9	6,8	4,6	2,2
Resúltalle difícil entender	2,4	6,6	5,3	2,1	1,0
Non ten tempo	17,7	20,8	23,4	20,4	12,7
Non ten interese	42,8	29,6	29,2	41,4	44,4
Non ten con quen ir	1,9	2,4	2,7	2,1	1,2

**DOCUMENTOS DE TRABAJO**

Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,1	0,2
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,1	1,1
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	17,0
<b>Galicia</b>					
É caro	5,8	7,0	6,4	5,3	2,8
É difícil conseguir entradas	0,6	1,7	1,1	0,6	0,7
Hai pouca oferta	19,4	20,2	11,8	15,5	12,0
Hai pouca información	3,3	6,6	4,2	3,6	1,7
Prefire velo/oílo en televisión/vídeo/Internet/radio	3,3	3,1	3,3	1,8	2,0
Resúltalle difícil saír da casa	3,4	4,5	7,6	3,2	2,2
Resúltalle difícil entender	2,4	1,8	2,8	1,5	0,2
Non ten tempo	15,0	19,9	25,0	20,6	9,1
Non ten interese	44,5	32,8	35,4	42,6	51,7
Non ten con quen ir	2,4	2,4	2,3	3,0	0,6
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	2,3	1,2
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	15,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto á asistencia a concertos de música actual, aconteceu o mesmo que cos de música clásica no último bienio da serie: a porcentaxe reduciuse a un terzo. Porén, en Galicia a taxa rexistrada neste último período foi 2,2 puntos porcentuais superior á do conxunto do Estado. Por outra banda, cómpre destacar que a porcentaxe de persoas que non foron nunca ou case nunca a un concerto de música actual reduciuse substancialmente nestes vinte anos, especialmente en Galicia, que pasou de ter unha porcentaxe do 65,6% ao 29,1%.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia a concertos de música actual**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total asistiron no último ano	24,6	26,4	25,9	24,5	30,1	10,4
Nos últimos 3 meses	10,6	12,2	11,9	10,4	13,8	5,8
Entre 3 meses e un ano	14,0	14,2	14,0	14,2	16,3	4,6
Hai máis dun ano	7,4	24,2	28,3	33,1	33,5	53,9
Nunca ou case nunca	67,2	49,4	45,9	42,3	36,4	35,7
<b>Galicia</b>						
Total asistiron no último ano	27,6	26,2	32,1	28,4	33,9	12,6
Nos últimos 3 meses	9,8	12,2	14,4	11,8	16,6	5,4
Entre 3 meses e un ano	17,8	14,0	17,6	16,7	17,3	7,2
Hai máis dun ano	6,4	21,7	26,0	21,3	26,5	58,3
Nunca ou case nunca	65,6	52,1	42,0	50,2	39,6	29,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto aos motivos principais polos que as persoas non van a concertos de música actual, o primeiro que se menciona no último bienio son as consecuencias derivadas da pandemia, especialmente en Galicia (31%). O seguinte motivo é a falta de interese e o terceiro, a falta de tempo. Por último, atópase a oferta escasa, que no caso de Galicia se reduciu do 25,9% ao 13,1%.

**Evolución dos motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces a concertos de música actual**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
É caro	15,6	18,5	21,3	17,8	9,3
É difícil conseguir entradas	2,2	3,5	2,0	1,7	1,1
Hai pouca oferta	17,8	16,6	14,7	14,8	13,4
Hai pouca información	2,7	5,2	3,6	2,6	2,6
Prefire velo/oílo en televisión /vídeo /radio	3,0	3,7	2,7	3,2	2,3
Resúltalle difícil saír da casa	5,4	7,1	8,1	5,8	2,9
Resúltalle difícil entender	1,0	2,6	1,8	0,9	0,3
Non ten tempo	22,6	21,5	24,7	26,8	15,5
Non ten interese	27,9	18,6	18,0	22,9	23,1
Non ten con quen ir	1,9	2,5	3,1	2,3	1,1
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,1	0,2
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	1,2	1,0
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	25,0
<b>Galicia</b>					
É caro	10,1	11,8	13,9	12,2	7,4
É difícil conseguir entradas	0,9	2,1	1,6	1,7	0,7
Hai pouca oferta	25,9	25,2	15,7	19,3	13,1
Hai pouca información	4,2	6,8	3,9	4,2	1,0
Prefire velo/oílo en televisión/vídeo/Internet/radio	4,4	4,2	3,0	2,3	2,6
Resúltalle difícil saír da casa	3,9	5,3	8,6	5,0	2,7
Resúltalle difícil entender	0,5	0,8	0,6	0,6	0,1
Non ten tempo	19,0	20,9	27,1	26,9	14,3
Non ten interese	28,9	20,5	23,0	22,1	24,5
Non ten con quen ir	2,0	2,5	2,7	3,0	0,8
Só dispoñibles en revenda	-	-	-	0,0	0,1
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	-	2,7	0,7
Motivos vinculados á COVID-19	-	-	-	-	31,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por último, analízanse os datos referentes ás persoas que ven concertos por Internet. Así, pode comprobarse que nos últimos sete anos se incrementou en 4 puntos porcentuais no conxunto de España e se duplicou en Galicia, ata o punto de rexistrar unha taxa de incidencia 2 puntos porcentuais por riba da rexistrada no conxunto do Estado. Esta porcentaxe triplicouse no caso dos concertos de música clásica e duplicouse no caso dos concertos de música actual.

**Evolución da porcentaxe de persoas que viron no último ano algún concerto por Internet**

	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
Total viron no último ano	11,7	15,1	15,8
Música clásica	3,1	4,8	5,3
Música actual	10,1	13,5	13,2
<b>Galicia</b>			
Total viron no último ano	8,6	12,2	17,8
Música clásica	1,6	3,2	5,9
Música actual	7,7	11,1	15,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 6. Cine


Case o 55% da poboación galega e o 64,4% da do conxunto do Estado mostran un grao de interese notable de cara ao cine, con valoracións de entre 7 e 10 puntos nunha escala de 0 a 10.

**Porcentaxe de persoas segundo o grao de interese polo cine (escala de 0 a 10) (2021/22)**

	España	Galicia
De 10 a 9	28,7	26,7
De 8 a 7	35,7	28,0
De 6 a 5	22,1	21,7
De 4 a 3	5,2	6,7
De 2 a 0	8,4	16,8
Media	6,9	6,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

As consecuencias derivadas da COVID-19, a falta de interese, de tempo e o alto prezo da entrada son os catro motivos principais polos que as persoas non van ou non van máis veces ao cine. A falta de interese é unha razón alegada por case o 19% dos galegos e galegas, case 6 puntos por riba do total de España. En cambio, a carestía da entrada e a falta de tempo son causas lixeiramente superiores no conxunto do Estado, como mostra a seguinte gráfica.

**Motivos polos que as persoas non van ou non van máis veces ao cine (2021/22)**

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O cine norteamericano é o preferido. A todas as demais opcións analizadas (cine español, europeo, latinoamericano e asiático) a poboación galega outórgalles unha nota máis baixa que a media estatal.

**Valoración media do cine español, europeo, americano e asiático para os que foron no último ano ao cine (escala de 0 a 10) (2021/22)**

	España	Galicia
Cine español	7,0	6,7
Cine europeo	7,0	6,8
Cine norteamericano	7,7	7,8
Cine latinoamericano	5,2	4,8
Cine asiático	4,8	4,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Un 23,6% das persoas que residen na comunidade galega foi ao cine no último ano, 4,1 puntos menos que no total de España. A maior parte da poboación (un 60,3% no caso de Galicia e un 56,3% no conxunto estatal) hai

máis dun ano que non asistiu e ao redor do 16% non foi nunca ou case nunca.


**Porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao cine (2021/22)**

	España	Galicia
Total foron no último ano	27,7	23,6
Nos últimos tres meses	18,4	14,2
Entre tres meses e un ano	9,4	9,4
Hai máis dun ano	56,3	60,3
Nunca ou case nunca	15,9	16,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao analizar a evolución do hábito de ir ao cine nos últimos vinte anos, obsérvase unha considerable baixada da asistencia no último bienio estudado. Como se pode ver na gráfica, se ben ao principio da serie temporal case a metade da poboación galega e un 55,6% do total de España acudían ao cine algunha vez ao ano, entre 2006 e 2011 prodúcese unha baixada xeneralizada. Porén, nos seguintes anos e ata 2018-2019 esta práctica cultural restablécese, aínda que cunha menor participación dos galegos e galegas con respecto ao total (44,4% fronte ao 57,8%). A cota de asistencia nun ano ao cine no bienio 2021/22 é a máis baixa de toda a serie temporal, xa que por primeira vez a porcentaxe de persoas baixa do 30% (23,6 no caso de Galicia e 27,7% no conxunto estatal).

**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron nun ano ao cine**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Esta baixada do hábito de ir ao cine no último bienio é común en todas as franxas de frecuencia analizadas, como mostra detalladamente a seguinte táboa. Destaca o incremento da porcentaxe de persoas que hai máis dun ano que non se achegan ao cine, un 60,3% da poboación galega e un 56,3% do total de España.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao cine**

	2002/03	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>						
Total foron nun ano	55,6	52,1	49,1	54,0	57,8	27,7
Nos últimos 3 meses	40,7	38,8	34,5	38,3	40,2	18,4
Entre tres meses e un ano	14,9	13,3	14,6	15,7	17,6	9,4
Hai máis dun ano	6,3	23,2	27,2	26,5	26,4	56,3
Nunca	37,9	-	-	-	-	-
Nunca ou case nunca	-	24,7	23,8	19,5	15,8	15,9
NS/NC	0,3	-	-	-	-	-
<b>Galicia</b>						
Total foron nun ano	49,6	39,7	36,5	40,5	44,4	23,6
Nos últimos 3 meses	37,4	26,9	24,9	27,1	28,4	14,2
Entre tres meses e un ano	12,2	12,8	11,6	13,4	16,0	9,4
Hai máis dun ano	4,9	23,0	31,1	24,6	26,0	60,3
Nunca	45,4	-	-	-	-	-
Nunca ou case nunca	-	37,3	32,4	34,9	29,6	16,1
NS/NC	0,2	-	-	-	-	-


Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A evolución do número medio de veces que foron ao cine nun trimestre tanto a poboación galega como a do conxunto estatal é moi similar ao longo da serie temporal, cunha tendencia decrecente en ambos os dous casos, que principiaba en 2002-2003 cunha media de 4,8 veces para confluír en 2021/22 e situarse en 2,3 veces.





### Número medio de veces que foron ao cine as persoas que asistiron nun trimestre



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 7. Vídeo e contidos audiovisuais

O interese polos contidos audiovisuais por parte da poboación recibe unha valoración por riba dos seis puntos, 6,4 no caso de Galicia e 6,8 no total de España. Os vídeos de películas, series ou doutro tipo obteñen unha estimación algo máis alta, tanto con respecto á media como ao cine, un 6,8 na comunidade galega e un 7,1 no conxunto estatal.


### Valoración media do grao de interese polos contidos audiovisuais (2021/22)

	España	Galicia
Total	6,8	6,4
Cine	6,9	6,1
Vídeos (de películas, series e doutro tipo)	7,1	6,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Como se pode ver na seguinte gráfica, a práctica de ver vídeos semanalmente é inferior na comunidade galega, pero cunha tendencia xeral crecente en ambos os dous casos, salvo en 2014-2015 no que se detecta unha baixada de máis de 7 puntos porcentuais con respecto a 2010-2011 na poboación galega e de 4,2 no resto das comunidades autónomas. A partir dese momento, a visualización de vídeos aumenta de xeito importante.

### Evolución da porcentaxe de persoas que viron vídeos polo menos unha vez á semana<sup>6</sup>



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Máis do 70% da poboación galega viu algún tipo de vídeo no último ano, 7,4 puntos porcentuais por debaixo da media estatal. Películas e series son os contidos preferidos. Porén, Galicia sitúase en ambos os casos por debaixo, como se mostra nesta táboa.

### Porcentaxe de persoas que viron vídeos (de películas, series, outros) no último ano (2021/22)

	España	Galicia
Total viron vídeos	77,7	70,3
De películas	75,7	66,9
De series	67,3	61,0
Doutro tipo	49,2	48,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A frecuencia na visualización de vídeos é menor na comunidade galega que no conxunto estatal en calquera dos indicadores de frecuencia analizados. Por exemplo, no hábito de ver películas, un 56,9% da poboación galega faino unha vez á semana fronte a un 65,8% do conxunto estatal, un 64,1% polo menos unha vez ao mes con respecto ao 72,9% e un 65,8% fronte a un 74,5% polo menos unha vez ao trimestre.

<sup>6</sup> No bienio 2002-2003, o indicador de frecuencia é denominado “unha vez por semana”; no resto da serie temporal, “polo menos unha vez á semana”.



**Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia do hábito de ver vídeos e tipo de vídeo (2021/22)**

	Total	Películas	Series	Doutro tipo
<b>España</b>				
Todos os días	37,2	17,3	26,0	16,7
Polo menos unha vez á semana	73,1	65,8	59,8	39,5
Polo menos unha vez ao mes	76,2	72,9	64,6	45,9
Polo menos unha vez ao trimestre	76,9	74,5	66,0	47,6
Polo menos unha vez ao ano	77,7	75,7	67,3	49,2
Nunca ou case nunca	22,3	24,3	32,7	50,8
<b>Galicia</b>				
Todos os días	36,0	15,2	25,7	17,6
Polo menos unha vez á semana	66,5	56,9	54,5	40,0
Polo menos unha vez ao mes	69,3	64,1	59,3	45,7
Polo menos unha vez ao trimestre	69,7	65,8	60,6	47,1
Polo menos unha vez ao ano	70,3	66,9	61,0	48,2
Nunca ou case nunca	29,7	33,1	39,0	51,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O cine español e o americano son igualmente os máis valorados en soporte vídeo. Nese período, o cine asiático é o que experimenta un maior aumento e en Galicia pasa dun 2,9 en 2018-2019 a un 4,9 en 2021/22, unha suba que tamén se percibe no cine latinoamericano.

**Evolución da valoración das películas de vídeo por nacionalidade do filme (escala de 0 a 10)**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Española	6,8	7,1
Europea	6,3	6,7
Norteamericana	7,3	7,6
Latinoamericana	4,4	4,9
Asiática	3,3	4,4
<b>Galicia</b>		
Española	6,8	7,0
Europea	6,4	6,8
Norteamericana	7,1	7,4
Latinoamericana	4,3	5,0
Asiática	2,9	4,9

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os soportes dixitais son os máis utilizados para ver vídeos, sobre todo no ordenador ou en equipos conectados a el, unha práctica que realiza case o 95% dos galegos e galegas que ven vídeos en plataformas dixitais, un 90% no caso do conxunto estatal. Dentro dos soportes dixitais, a utilización de plataformas no ordenador ou en equipos conectados a el é a práctica máis

usada, cun 66,7% de persoas na comunidade galega que elixen esta opción, 11 puntos porcentuais por riba do conxunto do Estado. A visualización de vídeos directamente de Internet é outra alternativa habitual, sobre todo a través do ordenador ou de equipos conectados a el, un 97,2% no caso de Galicia e un 91,4% no total estatal.

**Porcentaxe de persoas que acostuman ver vídeos no último ano segundo o soporte utilizado para velos (2021/22)**

	To- tal	Equipos non conectados a un ordena- dor	Ordenador ou equipos conectados a el
<b>España</b>			
Soportes físicos (CD, DVD, Blu-ray)	8,9	8,1	13,3
Soportes dixitais: Total	72,0	68,7	89,9
Directamente de Internet ( <i>streaming</i> )	28,2	24,5	49,4
Descarga dixital	2,6	1,6	6,9
A través de plataformas dixitais	49,0	47,9	55,7
Outros	8,1	7,0	12,2
Non consta soporte	24,2	27,2	7,3
<b>Galicia</b>			
Soportes físicos (CD, DVD, Blu-ray)	8,0	8,2	8,9
Soportes dixitais: Total	75,9	73,2	94,8
Directamente de Internet ( <i>streaming</i> )	32,3	30,3	57,6
Descarga dixital	1,2	0,8	3,4
A través de plataformas dixitais	59,2	58,0	66,7
Outros	3,9	3,5	5,6
Non consta soporte	19,9	22,3	1,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O uso de soportes dixitais na visualización de vídeos incrementouse fronte aos soportes físicos. Case o 76% da poboación galega e o 72% do conxunto do Estado acostuma ver vídeos en soportes dixitais, 11 e 7 puntos porcentuais máis respectivamente que en 2018-2019. Pola contra, o soporte físico experimenta unha baixada de 36,8 puntos na comunidade galega e 38,5 puntos no total de España, con índices de utilización que non chegan ao 9%. Entre as persoas que ven vídeos en soportes dixitais, a elección de plataformas é a opción máis empregada en xeral, un 59,2% en Galicia (10,2 puntos por riba da media), seguida da visualización en *streaming* (32,3% e 28,2%).

**Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman ver vídeos segundo o soporte utilizado**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Soportes físicos (CD, DVD, Blu-ray)	47,4	8,9
Soportes dixitais Total	64,9	72,0
Directamente de Internet ( <i>streaming</i> )	35,9	28,2
Descarga dixital	8,9	2,6
A través de plataformas dixitais	33,6	49,0
Outros	-	8,1
Non consta soporte	-	24,2
<b>Galicia</b>		
Soportes físicos (CD, DVD, Blu-ray)	44,8	8,0
Soportes dixitais Total	64,8	75,9
Directamente de Internet ( <i>streaming</i> )	28,7	32,3
Descarga dixital	8,0	1,2
A través de plataformas dixitais	34,8	59,2
Outros	-	3,9
Non consta soporte	-	19,9

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao analizar o hábito de ver vídeos segundo o equipo utilizado, obsérvase un aumento importante das persoas que o fan a través de equipos conectados a Internet (un 79,4% no caso de Galicia, case 10 puntos porcentuais por riba do total de España), o que supón un crecemento con relación ao bienio 2018-2019 dun 17% e un 11,6% respectivamente. Con todo, o equipo que segue a ser o máis empregado é a televisión, cun crecemento significativo na comunidade galega, onde a porcentaxe de persoas que a usa pasa dun 78,8% a un 85,5%, a diferenza do conxunto estatal, onde diminúe lixeiramente. Tamén hai que salientar o descenso na utilización do ordenador e o aumento do teléfono móbil.

**Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman ver vídeos segundo o equipo utilizado**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Móbil	17,8	23,5
Ordenador	25,5	20,1
Tableta	11,0	11,6
Televisión	84,3	83,8
Outros equipos	3,0	5,4
Equipos conectados a Internet	57,9	69,5
<b>Galicia</b>		
Móbil	16,2	24,5
Ordenador	30,4	24,2



Tableta	9,8	14,0
Televisión	78,8	85,5
Outros equipos	2,4	3,1
<u>Equipos conectados a Internet</u>	<u>62,5</u>	<u>79,4</u>

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A inmensa maioría da poboación acostuma ver vídeos na casa, case un 99% en Galicia e un 95,3% no total de España, cunha baixada pequena no último bienio con respecto a 2018-2019. A visualización de vídeos noutros lugares (diferentes ao lugar de traballo, coche ou transporte público) aumenta e pasa dun 0,5% a un 3,6% na comunidade galega e dun 2,4% a un 8,1% no resto do Estado. O hábito de ver vídeos no lugar de traballo crece en Galicia, como se mostra na seguinte táboa.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo o lugar onde acostuman ver vídeos**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Na casa	99,5	95,3
No traballo	2,1	2,1
No coche	0,7	0,7
No transporte público	1,5	1,5
Noutro lugar	2,4	8,1
<b>Galicia</b>		
Na casa	99,6	98,6
No traballo	0,9	2,1
No coche	0,2	0,6
No transporte público	1,2	0,7
Noutro lugar	0,5	3,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

As descargas de balde de libros, música ou vídeos son minoritarias entre a poboación en xeral, cun índice máis baixo en Galicia.

**Porcentaxe de persoas que descargaron de balde libros, música ou vídeos (2021/22)**

	España	Galicia
Realizaron descargas de balde de libros	2,7	1,2
Realizaron descargas de balde de música	3,9	2,3
<u>Realizaron descargas de balde de vídeos</u>	<u>3,3</u>	<u>2,3</u>

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Obsérvase unha clara tendencia á baixa nas descargas de balde, con índices inferiores en Galicia.


**Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron descargas de balde de Internet de vídeo e música nun trimestre**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
De vídeos	3,7	3,3
De música e vídeos	1,9	0,9
<b>Galicia</b>		
De vídeos	4,0	2,3
De música e vídeos	2,2	0,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A práctica de obter libros, música ou vídeos sen marca ou licenza de autor a través de medios dixitais amosa porcentaxes moi baixas, que oscilan entre un 3,3% no caso dos produtos musicais e un 0,4% en libros.


**Porcentaxe de persoas que obtiveron por medios dixitais produtos sen marca ou licenza de autor de libros, música ou vídeos (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A obtención de vídeos con marca mediante compra ou subscripción a plataformas dixitais experimenta un grande ascenso, cunha suba porcentual de máis 29 puntos en Galicia e de 21,4 no conxunto do Estado entre 2018-2019 e 2021/22.

**Evolución da porcentaxe de persoas que obtiveron vídeos con marca mediante compra ou subscrición a plataformas dixitais nun trimestre**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A porcentaxe de persoas subscritas a plataformas de vídeos de películas, series etc. no último trimestre aumentou case 23 puntos en Galicia e 20 no conxunto estatal. Este incremento repercute esencialmente nas subscripcións de pago.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a subscrición a plataformas dixitais de vídeos de películas, series e outros no último trimestre**


	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total subscritos nun trimestre	31,9	52
Subscripcións de balde	4,2	5,3
Subscripcións de pago	28,8	49
<b>Galicia</b>		
Total subscritos nun trimestre	26,9	49,6
Subscripcións de balde	2,6	2,2
Subscripcións de pago	24,7	48,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A compra de vídeos en formato dixital experimentou unha subida en detrimento do formato físico. Entre a poboación que mercou vídeos en xeral, en Galicia a porcentaxe de persoas que os adquiriu en formato dixital pasou dun 13,1% a un 66%, mentres que no caso dos DVD, Blu-ray e CD baixou 47,8 puntos. Esta tendencia, aínda que é similar no total de España, manifesta unha variación máis moderada, cunha suba de 24,7 puntos na compra do formato dixital e un descenso de 22,4 nos formatos físicos.



### Evolución da porcentaxe de persoas (sobre a poboación que comprou) que mercaron vídeos nun trimestre, segundo o formato




Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 8. Televisión e radio

Este apartado aborda información referida ao hábito de ver a televisión e de escoitar a radio e a súa evolución.

Un dos hábitos máis cotiáns da poboación en xeral segue a ser ver a televisión e escoitar a radio. Un 87,9% ve a televisión polo menos algunha vez ao mes e case o 73% escoita a radio con esa mesma frecuencia. Ambos os índices están por riba do conxunto estatal, 2,9 e 6 puntos respectivamente.


### Porcentaxe de persoas que ven a televisión ou escoitan a radio polo menos unha vez ao mes (2021/22)



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao analizar este mesmo hábito pero a través de Internet, as porcentaxes descenden considerablemente en relación coa visualización tradicional. Ao redor dun 16% da poboación galega viu a televisión ou escoitou a radio no último mes directamente de Internet. No caso do total de España, as porcentaxes son lixeiramente superiores ás da comunidade galega, un 22,6% no caso da visualización da televisión e un 18,4% na escoita de radio.

**Porcentaxe de persoas que viron a televisión ou escoitaron a radio no último mes directamente de Internet (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O hábito de ver a televisión ou escoitar a radio a través de Internet experimentou un crecemento notable entre o bienio 2014-2015 e o 2021/22. Na actualidade, a porcentaxe de persoas que teñen este hábito en Galicia é practicamente o dobre que ao principio do período estudado, ao igual que sucede no total de España, cunha suba significativa (do 8,9% a un 22,6%) no relativo á visualización de televisión.


**Evolución da porcentaxe de persoas que viron a televisión ou escoitaron a radio no último mes directamente de Internet**

	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>			
Televisión	8,9	13,5	22,6
Radio	10,4	13,3	18,4
<b>Galicia</b>			
Televisión	8,6	9,4	16,4
Radio	8,2	9,3	16,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Case o 89% da poboación viu a televisión en 2021/22, tres puntos porcentuais máis que o total de España. Esta práctica presenta unha tendencia á baixa nos últimos vinte anos, un 9,5% en Galicia e un 12% no conxunto estatal. Nos dous bienios finais da serie, este descenso atenúase na comunidade galega, cunha diferenza entre a etapa 2018-2019 e 2021/22 de 1,6 puntos, mentres que no resto do Estado é dun 5,2.

**Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman ver a televisión**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A maior parte da poboación ten o hábito de ver a televisión diariamente, un 81,9% en Galicia e un 78,5% no total de España.

**Persoas segundo a frecuencia do hábito de ver a televisión (2021/22)**

	España	Galicia
Total acostuman ver a televisión	86,0	88,9
Todos os días	78,5	81,9
Polo menos unha vez á semana	84,6	87,6
Polo menos unha vez ao mes	85,0	87,9
Con menos frecuencia	1,0	1,0
Non acostuman ver a televisión	14,0	11,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A pesar de que na comunidade galega a porcentaxe de persoas que ven a televisión é superior á do conxunto do Estado, o tempo medio diario que lle dedican a esta práctica é menor (138,2 minutos fronte a 166,2 respectivamente). Durante a fin de semana ou en xornadas festivas a visualización da televisión é lixeiramente superior á dos días laborables. No primeiro

caso, os galegos e galegas ven unha media de 149,8 minutos fronte aos 174,7 minutos que lle dedica o total de España.


**Porcentaxe de persoas que acostuman ver a televisión e tempo medio diario segundo o tipo de día (2021/22)**

	Poboación (%)	Media diaria (minutos)
<b>España</b>		
Total acostuman ver a televisión	86,0	166,2
De luns a venres, salvo festivos	85,3	170,6
En fin de semana ou festivo	78,1	174,7
<b>Galicia</b>		
Total acostuman ver a televisión	88,9	138,2
De luns a venres, salvo festivos	88,1	137,2
En fin de semana ou festivo	85,4	149,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Un 73,8% da poboación galega escoita a radio, 5,6 puntos máis que o total de España. Esta práctica amosa nos últimos vinte anos unha tendencia descendente.

**Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman escoitar a radio**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Máis do 60% da poboación escoita a radio todos os días en Galicia, 8,5 puntos máis que no total de España.



### Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia do hábito de escoitar a radio (2021/22)

	España	Galicia
Total acostuman escoitar a radio	68,2	73,8
Todos os días	51,9	60,4
Polo menos unha vez á semana	65,5	71,8
Polo menos unha vez ao mes	66,9	72,9
Con menos frecuencia	1,3	0,8
Non acostuman escoitar a radio	31,8	26,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O tempo medio diario que a poboación galega dedica a escoitar a radio é inferior ao do total de España (104,8 minutos fronte a 122 minutos). O tempo de escoita é superior durante os días laborables.

### Porcentaxe de persoas que acostuman escoitar a radio e tempo medio diario segundo o tipo de día (2021/22)


	Poboación (%)	Media diaria (minutos)
<b>España</b>		
Total acostuman escoitar a radio	68,2	122,0
Luns a venres, salvo festivos	67,2	138,0
En fin de semana ou festivo	51,9	114,0
<b>Galicia</b>		
Total acostuman escoitar a radio	73,8	104,8
Luns a venres, salvo festivos	72,8	117,5
En fin de semana ou festivo	60,0	94,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 9. Ordenador e Internet

Ao redor do 80% da poboación utilizou Internet polo menos unha vez á semana. O uso do ordenador é 2,5 puntos superior na comunidade galega con respecto ao conxunto do Estado (58,5% fronte ao 56%) pero o seu emprego por ocio ou tempo libre é unhas décimas máis alto no caso de Galicia. En xeral, o uso das novas tecnoloxías móvese en índices porcentuais bastante aproximados.

**Porcentaxe de persoas que utilizaron as novas tecnoloxías polo menos unha vez á semana (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Un 47,7% dos galegos e galegas utilizan o ordenador todos os días, 4,1 puntos porcentuais por riba do total estatal.

**Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia do hábito de utilizar o ordenador (2021/22)**

Frecuencia	España	Galicia
Todos os días	43,6	47,7
Polo menos unha vez á semana	56,0	58,5
Polo menos unha vez ao mes	59,0	61,3
Polo menos unha vez ao trimestre	60,1	61,9
Polo menos unha vez ao ano	61,1	63,4
Nunca ou case nunca	38,9	36,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A poboación galega utiliza máis o ordenador a diario, tanto por motivos profesionais ou de estudos (39,8%) como por ocio ou entretemento (30,1%), que o conxunto de España (34,1% e 28,5% respectivamente).


**Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia do hábito de utilizar o ordenador ben por profesión ou estudos, ou ben por ocio ou entretemento (2021/22)**

	Por profesión ou estudos	Por ocio ou entretemento
<b>España</b>		
Todos os días	34,1	28,5
Polo menos unha vez á semana	40,2	46,9
Polo menos unha vez ao mes	41,7	51,5
Polo menos unha vez ao trimestre	42,3	52,9
Polo menos unha vez ao ano	43,1	54,1
Nunca ou case nunca	56,9	45,9
<b>Galicia</b>		
Todos os días	39,8	30,1
Polo menos unha vez á semana	45,1	46,5
Polo menos unha vez ao mes	46,2	51,3
Polo menos unha vez ao trimestre	46,7	52,4
Polo menos unha vez ao ano	47,4	53,9
Nunca ou case nunca	52,6	46,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por primeira vez nos últimos vinte anos, a porcentaxe de poboación galega que utiliza diariamente o ordenador é superior á do conxunto estatal (47,7% fronte ao 43,6% en 2021/22). A seguinte gráfica amosa esta evolución.

**Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman usar o ordenador todos os días**




Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A poboación galega utiliza o ordenador máis tempo que a do resto do Estado. Obsérvase que o número de minutos é superior tanto por motivos

profesionais ou de estudos (1.166,4 minutos fronte a 1.117 respectivamente), como por ocio ou entretemento (396,3 minutos fronte a 371,6).

#### Tempo medio semanal de utilización de ordenador segundo o tipo de uso (2021/22)



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Só un 11,5% da poboación galega e un 10,5% da do total do Estado mercaron un ordenador no último ano. Entre as persoas que o fixeron, a porcentaxe é superior por motivos alleos ao traballo ou estudos: 64,5% fronte ao 58% no caso de Galicia e 58,8%, fronte ao 55,9% no conxunto de España.

#### Porcentaxe de persoas que mercaron un ordenador no último ano (2021/22)

	En % da poboación total	En % da poboación que mercou
<b>España</b>		
Total mercou	10,5	100,0
Por traballo ou estudos	5,9	55,9
Por outros motivos	6,2	58,8
<b>Galicia</b>		
Total mercou	11,5	100,0
Por traballo ou estudos	6,7	58,0
Por outros motivos	7,4	64,5


Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Hai vinte anos, ao redor do 22% da poboación xeral accedía a Internet, pero na actualidade esa porcentaxe supera o 80%, unha suba de máis do 60 puntos porcentuais. O ascenso desta práctica é progresivo ao longo da serie estudada, tal e como se mostra na gráfica. Había certa distancia no uso de Internet entre a comunidade galega e o conxunto estatal, sobre



todo entre 2006 e 2019, con diferenzas porcentuais que oscilan entre 12 e 8 puntos. No último bienio, en cambio, os índices de acceso son similares (82,3% e 83,7%).


#### Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman utilizar Internet polo menos unha vez ao mes



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Mentres que os índices relativos á totalidade de persoas que acceden e as que o fan por motivos relacionados co ocio ou entretemento son moi semellantes, a porcentaxe das persoas que acostuman usar Internet por traballo ou estudos é superior en Galicia: un 49,1% fronte ao 47% no conxunto de España.


#### Porcentaxe de persoas segundo o motivo polo que acostuman acceder a Internet (2021/22)



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O tempo medio de acceso é moi similar, salvo o que pasa a poboación conectada a Internet por ocio ou entretemento (681 minutos no total de España fronte a 633 en Galicia).


#### Tempo medio semanal de conexión a Internet segundo o tipo de uso (2021/22)



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Na análise de evolución obsérvase un aumento do número de minutos que a poboación está conectada. Na actualidade, a cidadanía galega pasa unhas 20 horas semanais en Internet, catro veces máis que en 2002-2003, comportamento similar ao do conxunto do Estado.

#### Evolución do tempo medio semanal de conexión a Internet (número medio de minutos)



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Unha gran parte da poboación non utiliza a tableta. O dispositivo emprégase máis por motivos de ocio ou entretemento (o 31,4% na comunidade galega e o 32,6% no total de España) que por traballo ou estudos (ao redor do 12%).


**Porcentaxe de persoas segundo o motivo polo que acostuman utilizar a tableta (2021/22)**

	España	Galicia
Total	34,0	32,6
Por profesión ou estudos	12,2	12,1
Por ocio ou entretemento	32,6	31,4
Non a utilizan	66,0	67,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A consola é o dispositivo preferido pola maior parte da poboación que usa videoxogos, un 62,5% en Galicia e un 64,5% no total de España. En cambio, atópase unha diferenza salientable na elección do ordenador, empregado por un 42,8% dos galegos e galegas, 14,6 puntos porcentuais por riba do conxunto estatal.

**Persoas que utilizaron videoxogos nun trimestre segundo o tipo de soporte (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Máis do 80% da poboación xeral non ten o hábito de utilizar videoxogos e só un 4,6% o fai todos os días. A análise comparativa mostra porcentaxes similares de uso entre a poboación galega e o conxunto estatal.


**Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia de uso de videoxogos (2021/22)**

	España	Galicia
Todos os días	4,6	4,6
Polo menos unha vez á semana	11,7	11,1
Polo menos unha vez ao mes	14,8	13,7
Polo menos unha vez ao trimestre	16,1	15,0
Polo menos unha vez ao ano	16,9	15,3
Nunca ou case nunca	83,1	84,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Entre o total de persoas que utilizaron aplicacións vinculadas á cultura no último trimestre, en Galicia un 29,5% están relacionadas con prensa e revistas, seguidas das vinculadas con libros (28,9%) e co cine (27,5%). En todos os casos, o emprego das aplicacións é inferior en Galicia ao total de España, a excepción das vinculadas a museos e monumentos, utilizadas por case o 13% dos galegos e galegas e o 10,8% no total do Estado.

**Porcentaxe de persoas que utilizaron aplicacións vinculadas á cultura no último trimestre (2021/22)**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 10. Outras prácticas relacionadas co ocio e a cultura

Este apartado recolle información sobre as prácticas culturais activas da poboación e o tipo de actividades artísticas que realiza. Tamén se describe

o apoio da cidadanía a determinadas actividades culturais a través da perenza ou colaboración con asociacións ou clubs de amigos.

Facer fotografía, pintar ou debuxar e facer vídeos son as actividades artísticas preferidas pola poboación en xeral. Con todo, hai que salientar a participación máis elevada da poboación galega na maior parte das actividades estudadas. Un 18,1% da poboación residente na comunidade fai fotografía (5 puntos por riba do total de España), un 12,1% pinta ou debuxa e un 10,5% fai vídeos (2 e 3,4 puntos respectivamente máis que no resto do Estado).

Ao longo da serie temporal confirmase a mesma preferencia polas tres actividades mencionadas anteriormente: facer fotografía, pintar ou debuxar e facer vídeo. Nos datos de evolución obsérvase un aumento progresivo destas prácticas, xunto con outras como escribir, tocar un instrumento ou bailar, a pesar de que en 2021/22 se experimente un descenso por tratarse dun período sumido na crise da COVID-19. Neste sentido, ao comparar 2018-2019 con 2006-2007 constátase un crecemento destacable. Por exemplo, a realización de fotos crece 17 puntos porcentuais entre ambos os períodos e pasa dun 12,7% a un 29,7% (28,8% no total de España); facer vídeos sobe 12,6 puntos (dun 4,1% a un 16,7%) e pintar ou debuxar aumenta dun 8,5% en 2006-2007 a un 15,6% en 2018-2019. Tamén ascende considerablemente o hábito de escribir, dun 4,9% a un 11,6% (3 puntos por riba do conxunto estatal), así como bailar ou tocar instrumentos, que crecen 4,9 e 3,6 puntos porcentuais respectivamente. En definitiva, a pesar do descenso xeneralizado no último bienio da serie temporal, a cidadanía galega participa cada vez máis de xeito activo na realización de actividades artísticas e mesmo supera a media estatal en numerosos casos. A seguinte táboa ofrece os datos detallados.

**Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron actividades artísticas no último ano segundo o tipo de actividade**

	2006/07	2010/11	2014/15	2018/19	2021/22
<b>España</b>					
Facer fotografía	16,6	29,1	28,9	28,8	13,1
Pintar ou debuxar	9,2	13,2	13,7	16,1	10,1
Facer vídeo	5,7	12,8	15	16,7	7,1
Tocar un instrumento	5,9	8,0	7,8	9,6	6,5
Escribir	7,5	7,1	7,8	8,7	6,4



Outras artes plásticas <sup>7</sup>	4,5	7,7	8,3	10,3	5,2
Danza, ballet, baile	3,8	3,9	4,9	6,2	2,6
Deseñar páxinas web	2,2	2,6	3,0	3,2	1,4
Cantar nun coro	2,8	2,4	2,4	2,7	1,0
Outras actividades artísticas	8,1	2,9	3,0	5,4	3,1
Outras vinculadas á música	-	3,6	4,0	4,3	1,8
Outras audiovisuais	-	1,9	2,5	3,1	1,3
Flamenco, baile español	-	-	1,7	2,2	1,1
Dispoñer de blog propio	-	-	-	2,5	0,6
Facer teatro	2,1	2,1	2,2	2,2	1,3

**Galicia**

Facer fotografía	12,7	17,7	30,4	29,7	18,1
Pintar ou debuxar	8,5	7,8	11,6	15,6	12,1
Facer vídeo	4,1	6,3	15,2	16,7	10,5
Tocar un instrumento	6,0	6,5	8,4	9,6	8,7
Escribir	4,9	2,6	8,9	11,6	7,8
Outras artes plásticas <sup>2</sup>	5,4	6,3	9,4	10,9	7,0
Danza, ballet, baile	1,4	2,2	4,3	6,3	3,3
Deseñar páxinas Web	1,7	1,7	3,9	2,4	1,9
Cantar nun coro	2,1	0,8	2,5	2,0	1,8
Outras actividades artísticas	9,9	3,3	3,2	3,1	1,8
Outras vinculadas á música	-	1,5	5,3	3,4	1,5
Outras audiovisuais	-	1,0	3,1	1,5	1,3
Flamenco, baile español	-	-	1,0	1,5	1,3
Dispoñer de blog propio	-	-	-	1,9	0,5
Facer teatro	1,0	1,1	2,0	2,4	0,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A asistencia a manifestacións de cultura tradicional ou patrimonio inmaterial, como festas populares ou carnavais, entre outras, é unha das prácticas culturais preferidas pola poboación galega (11,4%), seguida da presenza en feiras (10,4%), unha actividade que tamén é compartida polo conxunto do Estado (8,1%). En xeral, en Galicia a afluencia a este tipo de eventos é superior, salvo nos casos relacionados cos parques temáticos, acuáticos ou de atraccións.

**Porcentaxe de persoas que asistiron a actividades artísticas no último ano segundo o tipo (2021/22)**

	España	Galicia
Manifestacións da cultura tradicional ou patrimonio inmaterial (festas populares, carnavais etc.)	6,6	11,4
Feiras	8,1	10,4
Centro cultural	4,8	9,0
Feiras ou festivais vinculados ao libro	4,1	8,3
Xardín botánico	4,4	7,0

<sup>7</sup> Cerámica, papel etc.

Conferencia ou mesa redonda	3,2	6,3
Zoo ou parque con animais	4,0	6,1
Parque temático	3,3	3,0
Parque acuático	3,5	2,7
Parque de atraccións	4,0	2,4
Espectáculo de artes escénicas non mencionado anteriormente <sup>8</sup>	0,6	-
Clubs de lectura ou escritura ou noutras actividades literarias (presentacións de libros, contacontos)	1,3	-

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A poboación galega está máis comprometida que a do total de España na participación ou apoio ás actividades culturais tanto no que ten que ver coas doazóns á cultura, un 2,9% fronte a un 1,6%, como na pertenza a asociacións culturais ou clubs de amigos, un 9,1% das persoas enquisadas en Galicia (6,6 con cotas) respecto a un 5,2% no conxunto estatal (3,2% con cotas).

**Porcentaxe de persoas que participan ou apoian dalgunha forma actividades culturais (2021/22)**

	España	Galicia
Mediante traballo voluntario	2,6	2,5
Mediante doazóns	1,6	2,9
Pertencen a asociacións culturais ou clubs de amigos	Total	9,1
	Con cotas	6,6
	Sen cotas	2,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A realización de cursos de formación vinculados ao eido cultural é tamén maior en Galicia que no total de España, a pesar de non ser unha práctica habitual entre a poboación. Un 6,2% dos galegos e galegas fixo polo menos un curso no último ano, 1,2 puntos máis que no conxunto do Estado.

**Porcentaxe de persoas segundo a realización de cursos de formación complementaria vinculados á cultura no último ano e número medio de horas dedicadas (2021/22)**

	España	Galicia
Total realizaron polo menos un curso (%)	5,0	6,2
Nº medio de horas	-	28,0
Non realizaron cursos (%)	95,0	93,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

<sup>8</sup> Exclúe teatro, ópera, danza, ballet e circo.

## 11. Vinculación coa práctica cultural dos pais e nais e implicación na práctica cos fillos

Ir ao cine e ler por ocio son as actividades culturais que máis practican os e as menores de 14 anos. En 2021/22, en Galicia asistir a espectáculos escénicos e musicais é a terceira práctica cultural preferida pola infancia (en contraste co bienio anterior, no que a realización doutras prácticas culturais<sup>9</sup> ocupaba ese terceiro posto). No conxunto estatal, en cambio, éo a visita a museos, monumentos etc. Con todo, acudir a espectáculos escénicos ou musicais e ir ao cine son as únicas actividades culturais que experimentaron un ascenso en Galicia entre 2018 e 2022 (3,6 e 3 puntos porcentuais máis respectivamente), fronte a unha importante baixada na realización doutras actividades culturais e, de xeito significativo, na lectura por ocio, que se reduce 4,4 puntos porcentuais. No total do Estado tamén se acusa esta baixada na lectura por ocio respecto a 2018-2019.

### Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron determinadas prácticas culturais na súa infancia (0 a 14 anos)

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Ler por ocio	75,7	72,9
Ir a museos, monumentos etc.	59,5	62,7
Ir a espectáculos escénicos ou musicais	52,2	58,5
Ir ao cine	78,4	80,9
Realizar outras prácticas culturais	55,6	56,7
<b>Galicia</b>		
Ler por ocio	71,8	67,4
Ir a museos, monumentos etc.	51,2	47,4
Ir a espectáculos escénicos ou musicais	51,5	55,1
Ir ao cine	72,0	75,0
Realizar outras prácticas culturais	54,9	40,9

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

As persoas que van ao cine, len e asisten a espectáculos escénicos e musicais realizaron en gran medida estas prácticas na súa infancia. Tamén no relativo á visita a museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías

<sup>9</sup> Outras actividades culturais: feiras, espectáculos deportivos, manifestacións da cultura tradicional ou patrimonio inmaterial (festas populares, carnavais etc.), cursos de formación complementaria, centros culturais, xardíns botánicos, festivais vinculados ao libro, parques de atraccións, zooloxías ou parques de animais, parques acuáticos, parques temáticos, conferencias ou mesas redondas, festexos taurinos, circo, clubs de lectura ou escritura e outros espectáculos escénicos.



de arte ou arquivos. Semella que a realización de determinadas prácticas culturais na infancia inflúe no seu arraigamento na época adulta.


**Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron determinadas actividades culturais no último ano segundo a práctica destas na súa infancia**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Leron	85,6	81,1
Visitaron museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos	71,3	73,0
Asistiron a espectáculos escénicos e musicais	64,4	69,3
Foron ao cine	87,9	90,2
Realizaron outras prácticas culturais	55,6	56,7
<b>Galicia</b>		
Leron	83,2	78,9
Visitaron museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos	66,1	65,2
Asistiron a espectáculos escénicos e musicais	70,0	66,1
Foron ao cine	88,9	88,2
Realizaron outras prácticas culturais	54,9	40,9

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao analizar a frecuencia coa que a poboación leu na infancia, compróbase que en Galicia o 52% leu frecuentemente e case o 27% ocasionalmente (42,5% e 38,7% respectivamente no total de España), do que se infire que ler na infancia inflúe na práctica dese hábito na madurez. De feito, en 2021/22 só un 21,1% dos que len non o facían de nenos. Con todo, apréciase un lixeiro aumento desta porcentaxe respecto ao bienio anterior (16,8%), ao igual que no resto do Estado (un 18,9% respecto a un 14,4%), como mostra a seguinte gráfica.


**Evolución da porcentaxe de persoas que leron no último ano segundo a práctica de lectura por ocio na súa infancia**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao redor da metade da poboación galega que ocasionalmente visitou museos, monumentos etc. tamén acostumaba facelo na súa infancia. Obsérvase que en ambos os bienios a porcentaxe de persoas que practican esta actividade cultural en Galicia e non o facían na súa infancia é superior á do conxunto estatal (7,8 puntos no último bienio), como se mostra a continuación.


**Evolución da porcentaxe de persoas que visitaron museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos no último ano, segundo se realizaron esa práctica na súa infancia**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No caso da asistencia a espectáculos escénicos ou musicais, a maior parte das persoas que acoden a este tipo de eventos tamén o facían na súa nenez, sobre todo ocasionalmente (46,7% en Galicia e 53,2% no conxunto estatal no último bienio). Con todo, ao redor dun terzo das persoas que non realizaron esta práctica cultural na súa infancia si acode na idade adulta.


**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron a espectáculos escénicos ou musicais no último ano segundo se realizaron esa práctica na súa infancia**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A asistencia ao cine na infancia semella ter unha influencia moi significativa no comportamento adulto. Como mostra a seguinte gráfica, unha gran parte da poboación xeral (9 de cada 10) que foi no último ano ao cine ía tamén de neno.


**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron ao cine no último ano, segundo se realizaron esa práctica na súa infancia**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No relativo á práctica doutras actividades culturais, os datos de participación para quen non realizou ningunha na súa infancia son elevados, ao contrario do que sucedía cos indicadores descritos anteriormente. Nesta liña, obsérvase que, no último bienio, un 59,1% da poboación galega que fixo outras actividades relacionadas coa cultura non tiña este hábito, mentres que, no caso das persoas que si as practicaron na infancia, un 32% facía estoutas actividades ocasionalmente e un 8,9% con frecuencia, índices máis baixos que no conxunto estatal.


**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a práctica doutras actividades culturais na súa infancia**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Case a metade da poboación galega afirma que os seus proxenitores lían por ocio e o 41,5% que estes ían ao cine. Trátase das dúas actividades máis practicadas polos pais e nais, cunhas porcentaxes que aumentan en 8,7 e 14,2 puntos, respectivamente, no conxunto estatal. Esta diferenza entre Galicia e o total de España dáse en todos os hábitos culturais analizados.

### Evolución da porcentaxe de persoas segundo a práctica cultural realizada polos seus país e nais



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O 62,2% da poboación lectora en Galicia tivo proxenitores que lían. Obsérvase que a porcentaxe de poboación lectora cuxos pais e nais non lían é superior na comunidade galega que no conxunto estatal (37,8% e 31,2% respectivamente).

### Evolución da porcentaxe de persoas que leron no último ano segundo a práctica de lectura por ocio dos seus proxenitores

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	71,2	68,8
Frecuentemente	40,3	32,9
Ocasionalmente	30,9	35,9
Ningún dos proxenitores lía por ocio	28,8	31,2
<b>Galicia</b>		
Total	66,7	62,2
Frecuentemente	42,5	40,3
Ocasionalmente	24,2	21,9
Ningún dos proxenitores lía por ocio	33,3	37,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A maior parte da poboación galega que visitou museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos no último ano convivió con proxenitores que non o facían, un 55,4% en 2021/22 e un 52,6% no

bienio anterior, ao contrario do que sucede no total de España, onde a porcentaxe das persoas que van é superior naquelas cuxos pais e nais si practicaron esta actividade (case un 57% e un 51%).

**Evolución da porcentaxe de persoas que visitaron museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos no último ano segundo a realización desta práctica polos seus pais**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	50,9	56,9
Frecuentemente	12,6	13,5
Ocasionalmente	38,3	43,4
Ningún dos seus pais visitou museos, monumentos etc.	49,1	43,1
<b>Galicia</b>		
Total	47,4	44,6
Frecuentemente	11,8	13,7
Ocasionalmente	35,6	30,9
Ningún dos seus pais visitou museos, monumentos etc.	52,6	55,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En relación co hábito de acudir a espectáculos escénicos e musicais, máis da metade da poboación galega que asistiu en 2021/22 a este tipo de eventos vivía con proxenitores que practicaban esta actividade cultural, ou ben ocasionalmente (35,2%) ou ben frecuentemente (15%), taxas similares ás do bienio anterior. Algo similar ao que sucede no conxunto estatal, no que un 56,4% da poboación cuxos proxenitores asistían a estes espectáculos tamén o fai, como se mostra na seguinte táboa.

**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron a espectáculos escénicos ou musicais no último ano segundo a realización desta práctica polos seus pais**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	50,2	56,4
Frecuentemente	12,6	12,8
Ocasionalmente	37,6	43,7
Ningún dos seus pais asistiu a espectáculos escénicos ou musicais	49,8	43,6
<b>Galicia</b>		
Total	53,0	50,2
Frecuentemente	15,2	15,0
Ocasionalmente	37,8	35,2
Ningún dos seus pais asistiu a espectáculos escénicos ou musicais	47,0	49,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os índices de asistencia ao cine das persoas con proxenitores con ese hábito son, xunto cos da lectura, os máis altos de todos os indicadores analizados. Máis do 60% da poboación galega (69,2% no total de España) que vai ao cine ten pais e nais que tamén ían, sobre todo ocasionalmente. A evolución foi positiva entre os bienios 2018-2019 e 2021/22, cun aumento de 2,4 puntos en Galicia e de 6 no conxunto estatal.

**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron ao cine no último ano segundo a segundo a realización desta práctica polos seus pais**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	63,2	69,2
Frecuentemente	19,1	16,5
Ocasionalmente	44,1	52,7
Ningún dos seus pais asistiu ao cine	36,8	30,8
<b>Galicia</b>		
Total	57,9	60,3
Frecuentemente	21,1	13,8
Ocasionalmente	36,9	46,5
Ningún dos seus pais asistiu ao cine	42,1	39,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Máis do 72% dos galegos e galegas realiza outras prácticas culturais a pesar de que seus pais e nais non o facían, unha porcentaxe moi superior á do total de España (57,3%). En consecuencia, só un 27,9% das persoas que fan estas actividades contaban con proxenitores que tamén as realizaban, índice bastante inferior ao do conxunto estatal, un 42,7%. Ademais, obsérvase que en Galicia esta porcentaxe descendeu considerablemente entre 2021/22 e o bienio anterior, todo o contrario ao que sucedeu no total de España.


**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a realización doutras prácticas culturais segundo a súa realización polos pais**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	38,4	42,7
Frecuentemente	8,1	6,2
Ocasionalmente	30,2	36,4
Ningún dos seus pais realizou outras prácticas culturais	61,6	57,3
<b>Galicia</b>		
Total	39,4	27,9
Frecuentemente	13,5	5,2
Ocasionalmente	25,9	22,7
Ningún dos seus pais realizou outras prácticas culturais	60,6	72,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ir ao cine e ler por ocio son as actividades culturais nas que a implicación dos pais cos fillos é maior. Con todo, entre os dous períodos a porcentaxe de poboación con menores de 18 anos que realiza prácticas culturais xuntos descendeu en xeral en 2021/22. Trátase doutra consecuencia negativa da pandemia.

**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos segundo a implicación na práctica cultural dos seus fillos**



Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Un 69,6% da poboación galega lectora con fillos menores de 18 anos acostuma facelo con eles, case o 43% con frecuencia e un 26,7% ocasionalmente. Os datos reflicten unha baixada desta práctica en 2021/22 de case 6 puntos no total e un descenso importante na frecuencia. No conxunto estatal, o comportamento é similar, con descensos tanto no total de persoas que teñen este hábito como na frecuencia coa que o fan.



**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos que leron no último ano segundo a práctica de lectura por ocio cos seus fillos**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	78,9	74,1
Frecuentemente	48,9	40,8
Ocasionalmente	30,0	33,2
Non leron por ocio cos seus fillos	21,1	25,9
<b>Galicia</b>		
Total	75,5	69,6
Frecuentemente	53,2	42,9
Ocasionalmente	22,3	26,7
Non leron por ocio cos seus fillos	24,5	30,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En Galicia, un 71,3% das persoas con fillos menores de 18 anos que visitan museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos no último ano acostuman facelo con eles, tres puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado. As visitas realizadas con frecuencia aumentaron en 2021/22 con respecto ao bienio anterior, mentres que baixaron as realizadas ocasionalmente, xusto ao contrario do que sucede no conxunto estatal.

**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos que visitaron museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos no último ano, segundo esta práctica cos seus fillos**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	78,9	74,3
Frecuentemente	24,1	19,3
Ocasionalmente	54,8	55,0
Non visitaron museos, monumentos etc. cos seus fillos	21,1	25,7
<b>Galicia</b>		
Total	73,7	71,3
Frecuentemente	20,5	21,8
Ocasionalmente	53,2	49,5
Non visitaron museos, monumentos etc. cos seus fillos	26,3	28,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Os datos son bastante similares na asistencia a espectáculos escénicos ou musicais. Case o 73% da poboación galega con fillos menores de 18 anos (o 71,7% do total de España) que acode a este tipo de eventos faino cos seus fillos. Esta práctica baixa lixeiramente en Galicia e sobe no conxunto estatal. O aumento da frecuencia é significativo en Galicia, mentres que baixa en España.

**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos que asistiron a espectáculos escénicos ou musicais no último ano, segundo esta práctica cos seus fillos**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	70,8	71,7
Frecuentemente	23,9	17,0
Ocasionalmente	46,8	54,6
Non asistiron a espectáculos escénicos ou musicais cos seus fillos	29,2	28,3
<b>Galicia</b>		
Total	73,7	72,7
Frecuentemente	31,7	38,8
Ocasionalmente	42,0	33,9
Non asistiron a espectáculos escénicos ou musicais cos seus fillos	26,3	27,3

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos que foron ao cine no último ano con eles é a máis elevada de todas as prácticas culturais recollidas neste apartado. Un 89% da poboación galega con fillos menores de 18 acostuma ir ao cine con eles, case 5 puntos máis que no bienio anterior, mentres que no total de España, cun 84,6%, baixa 3,4 puntos.

**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos que asistiron ao cine no último ano, segundo esta práctica cos seus fillos**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	88	84,6
Frecuentemente	42,1	34,2
Ocasionalmente	45,9	50,4
Non asistiron ao cine cos seus fillos	12,0	15,4
<b>Galicia</b>		
Total	84,3	89,0
Frecuentemente	50,5	39,9
Ocasionalmente	33,9	49,0
Non asistiron ao cine cos seus fillos	15,7	11,0

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Un 54,5% das persoas con fillos menores de 18 anos que realizan outras prácticas culturais faino con eles, un 58,7% no caso do total de España. A evolución entre os dous bienios estudados amosa un aumento dos que non levan a cabo este tipo de actividades cos seus fillos, tanto en Galicia (5,3 puntos máis) coma no conxunto estatal (1,8).



**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de 18 anos, segundo a realización doutras prácticas culturais cos seus fillos**

	2018/19	2021/22
<b>España</b>		
Total	60,5	58,7
Frecuentemente	16,8	9,8
Ocasionalmente	43,8	48,9
Non realizaron outras prácticas culturais cos seus fillos	39,5	41,3
<b>Galicia</b>		
Total	59,8	54,5
Frecuentemente	28,1	13,3
Ocasionalmente	31,7	41,2
Non realizaron outras prácticas culturais cos seus fillos	40,2	45,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## 12. Incidencia da COVID-19 na participación e prácticas culturais

O período de confinamento decretado polo Goberno de España entre o 15 de marzo e o 31 de maio de 2020 como consecuencia da declaración da pandemia da COVID-19 mudou necesariamente os hábitos e prácticas culturais da poboación, xa que todas as persoas tiveron que quedar na casa para traballar, estudar e facer actividades de lecer. As actividades relacionadas coa cultura que máis se levaron a cabo foron as relacionadas coa lectura, a música, os medios audiovisuais e os videoxogos.

Así, tal como se pode comprobar na seguinte táboa, as actividades máis comúns realizadas pola poboación neste período de confinamento están relacionadas co audiovisual e coa música. Concretamente o 90,8% da poboación no conxunto de España e algo menos en Galicia (87,4%) viron algunha película. A segunda actividade máis común foi escoitar música, algo máis frecuente en Galicia que na media estatal (87,4% e 86,4% da poboación respectivamente). En terceiro lugar destaca a visualización de series; aínda que en Galicia é unha actividade que realizou o 77,1% da poboación, esta porcentaxe é 4,2 puntos porcentuais inferior á media do país. Un dato salientable refírese á lectura de prensa, que en Galicia rexistra unha porcentaxe moi superior (11,2 puntos porcentuais). Por último, cómpre tamén destacar a dedicación da poboación a xogar aos videoxogos, actividade que realizou arredor dun 17% da poboación.

**Porcentaxe de persoas que durante o período de confinamento realizaron polo menos unha vez ao mes algunha destas actividades**

	España	Galicia
Escoitar música	86,4	87,4
Ver películas	90,8	87,5
Ver series	81,3	77,1
Ler prensa diaria	62,1	73,3
Ler revistas	32,6	38,3
Xogar a videoxogos	17,9	17,2

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No que se refire á lectura, máis da metade da poboación leu algún libro durante este período. A lectura por motivos profesionais ocupou aproximadamente a un cuarto da poboación (24,5% en Galicia e 25,6% no conxunto de España), mentres que ao redor da metade das persoas que dedicaron tempo á lectura durante o período de confinamento o fixeron por outros motivos diversos. Por último, en canto ao formato en que leron libros, máis da metade fíxoo en formato papel (52,5% en Galicia e 51,1% en España).

**Porcentaxe de persoas que durante o período de confinamento leron polo menos un libro segundo o formato e motivos**

		España	Galicia
Total leron		56,1	56,6
Profesionais	Total	25,6	24,5
	En formato papel	21,8	21,4
	Noutros formatos	10,0	8,0
Motivos	Total	49,8	51,9
	En formato papel	45,1	48,1
	Noutros formatos	14,3	11,0
Formatos	En formato papel	51,1	52,5
	Noutros formatos	17,9	13,5

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Outras actividades culturais que se realizaron durante este período de confinamento foron aquelas que habitualmente se farían de forma presencial pero que, ante a imposibilidade de saír da casa, se fixeron a través de Internet. Trátase de actividades como visitas a bibliotecas, a museos, exposicións ou galerías de arte e a monumentos ou xacementos. Ademais, outras prácticas que se adoitaban facer de forma presencial pero que durante o confinamento se realizaron a través de Internet foron a asistencia virtual a salas de cine e a espectáculos de artes escénicas e musicais, como o teatro, a ópera ou os concertos de música clásica e actual.

En xeral, pódese concluír que Galicia rexistrou unha taxa máis elevada de participación a través de Internet en todas estas actividades, agás na asistencia virtual a salas de cines, que apenas tivo presenza (0,8% da poboación). De todas estas actividades, a realizada por unha maior parte da poboación foi a asistencia a través de Internet a espectáculos de artes escénicas e musicais e, máis concretamente, a concertos, porcentaxe que é máis elevada en Galicia que no conxunto de España (+1,4 puntos porcentuais de diferenza). Esta porcentaxe en Galicia é tamén algo superior tanto nos concertos de música actual (+0,2 puntos porcentuais), como nos de música clásica (+0,8 puntos porcentuais). A segunda actividade que rexistrou maior participación foi a visita virtual a museos, exposicións ou galerías de arte, tanto na totalidade do país como en Galicia (6,3% e 6,8% da poboación respectivamente). Por último, hai que salientar que a visita virtual a bibliotecas en Galicia rexistrou unha taxa de 0,9 puntos porcentuais superior á do conxunto do Estado.

**Porcentaxe de persoas que durante o período de confinamento accederon polo menos unha vez a través de Internet a algunha destas actividades**

	España	Galicia		
Bibliotecas	5,3	6,2		
Museos, exposicións ou galerías de arte	6,3	6,8		
Monumentos ou xacementos	4,5	4,9		
Cines (en salas en liña)	2,4	0,8		
Total	12,2	13,2		
Espectáculos escénicos (teatro, ópera...)	3,9	4,2		
Espectáculos escénicos e musicais	Total	10,9	11,5	
	Concertos	De música actual	9,5	9,7
		De música clásica	3,8	4,6

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Outros hábitos e prácticas culturais están relacionados con afeccións ou habilidades artísticas, como escritura, pintura ou debuxo, fotografía, vídeo, baile ou tocar un instrumento musical, que se levaron a cabo durante este período. Pode comprobarse que a porcentaxe de persoas que realizaron algunha destas actividades en Galicia é inferior á media estatal, agás no caso do hábito de tocar un instrumento musical, que supera en 1,4 puntos porcentuais ao conxunto do Estado. A actividade que levou a cabo unha maior porcentaxe de persoas en Galicia foi a de pintar ou debuxar (12,4%), mentres que no conxunto do Estado foi a fotografía (13,3%). No outro extremo, a actividade menos practicada foi a danza ou baile.



**Porcentaxe de persoas que durante o período de confinamento practicaron como afección algunha destas actividades**

	España	Galicia
Escribir (poesía, contos etc.)	7,6	6,0
Pintar ou debuxar	12,8	12,4
Facer fotografía	13,3	11,0
Facer vídeo	9,0	6,6
Baile, danza	3,2	2,7
Tocar un instrumento musical	7,1	8,5
Outras actividades artísticas	6,3	5,8

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Unha vez rematado o período de confinamento, algunhas das actividades que se fixeran durante este tempo deixaron de realizarse e outras mantivéronse. Así, pode comprobarse que as actividades que menos se mantiveron foron as relacionadas con audiovisuais, é dicir, ver películas e series, debido, posiblemente, a que a poboación non permanecía tanto na casa. Aínda así, un 62% das persoas en Galicia e un 69,1% no conxunto de España continuaron vendo películas e unha porcentaxe algo inferior (56,4% en Galicia e 59,5% na media estatal) continuaron vendo series. A actividade que se viu menos afectada por estes cambios foi a de escoitar música, sobre todo en Galicia, onde un 84,5% das persoas continuaron facéndoo, 6,8 puntos porcentuais por riba da porcentaxe rexistrada no conxunto do Estado. Ademais, resulta interesante o feito de que en Galicia tan só o 4,9% das persoas deixou de ler a prensa, mentres que no total de España foi o 10,6%. Deste xeito, a porcentaxe da poboación que continuou con este hábito en Galicia supera en 6,9 puntos porcentuais á media estatal. Por último, a dedicación a xogar aos videoxogos viuse afectada case por igual en Galicia e no total de España, xa que nos dous casos a porcentaxe de persoas que continuaron xogando foi idéntica (11,1%).

Por outra banda, pode constatarase que a frecuencia coa que se fixeron estas actividades despois do período de confinamento se incrementou con máis intensidade no conxunto do Estado que en Galicia. Así, un 8,3% da poboación española aumentou a frecuencia na lectura de prensa, mentres que en Galicia foi o 4,6%, pero o certo é que a taxa de persoas que en Galicia lían a prensa despois do confinamento era moito máis elevada que a do conxunto do país. Isto mesmo acontece co hábito de escoitar música.

**Porcentaxe de persoas que despois do período de confinamento deixaron temporalmente de realizar actividades culturais, continuaron facéndoas ou aumentaron a frecuencia**

<b>España</b>	Deixaron de facer	Continuaron	Aumentaron a frecuencia
Escoitar música	8,7	77,7	6,7
Ver películas	21,7	69,1	3,8
Ver series	21,8	59,5	5,2
Ler prensa diaria	10,6	51,5	8,3
Ler revistas	15,0	17,6	4,2
Xogar a videoxogos	6,8	11,1	3,7
<b>Galicia</b>			
Escoitar música	2,9	84,5	4,3
Ver películas	25,5	62,0	2,2
Ver series	20,7	56,4	2,8
Ler prensa diaria	4,9	68,4	4,6
Ler revistas	10,8	27,5	3,3
Xogar a videoxogos	6,1	11,1	2,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto á lectura de libros, a poboación galega mantivo este hábito en maior proporción que a media estatal, especialmente cando se trata de libros lidos por motivos distintos aos profesionais en formato papel, xa que a taxa rexistrada en Galicia supera en 6,7 puntos porcentuais á do conxunto do Estado.

Porén, cando se trata de analizar os datos sobre o aumento da frecuencia na lectura de libros despois do período de confinamento, pódese comprobar que apenas variou en Galicia, xa que non chega ao 1% a porcentaxe de persoas que declararon que leron máis. No conxunto de España, o incremento na frecuencia de lectura de libros é algo máis elevado que en Galicia, pero aínda así a porcentaxe segue a ser moi baixa (1,5%).

**Porcentaxe de persoas que despois do período de confinamento deixaron temporalmente de ler, continuaron lendo (polo menos un libro) ou aumentaron a frecuencia, segundo os motivos e o formato**

Motivos		Deixaron de ler	Continuaron	Aumentaron a frecuencia
<b>España</b>				
Profesionais	En formato papel	10,0	11,8	1,5
	Noutros formatos	4,8	5,2	0,9
Outros motivos	En formato papel	10,1	35,0	1,5
	Noutros formatos	4,3	10,0	0,9
<b>Galicia</b>				
Profesionais	En formato papel	6,5	14,9	0,9
	Noutros formatos	2,6	5,4	1,0
Outros motivos	En formato papel	6,4	41,7	0,5
	Noutros formatos	1,9	9,1	0,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ao rematar o período de confinamento, moitas das actividades que habitualmente se fan de forma presencial pero que durante o confinamento se realizaban a través de Internet, por exemplo acceder a recursos ou equipamentos culturais como bibliotecas, museos, monumentos ou espectáculos de artes escénicas e musicais, deixaron de facerse de forma virtual. As que experimentaron unha perda maior de usuarios foron os concertos (6% da poboación) e o cine (5,2% no conxunto de España e 2,2% en Galicia).

Porén, un dato salientable é que as persoas que continuaron accedendo a estes recursos a través de Internet incrementaron a frecuencia, especialmente a asistencia virtual a concertos, xa que o 12,2% das persoas que continuaron con esta actividade en Galicia e o 10,6% no conxunto de España declararon que incrementaran este hábito. Outro dos hábitos que máis aumentou foi o do acceso a bibliotecas a través de Internet.

**Porcentaxe de persoas que despois do período de confinamento deixaron temporalmente de acceder a través de Internet a algunha destas actividades, continuaron accedendo ou aumentaron a frecuencia**

	Deixaron de acceder	Continuaron	Aumentaron a frecuencia
<b>España</b>			
Bibliotecas	2,7	2,6	4,2
Museos, exposicións ou galerías de arte	4,1	2,2	1,1
Monumentos ou xacementos	2,9	1,6	1,6
Cines (en salas en liña)	5,2	2,8	1,0
Espectáculos escénicos (teatro, ópera...)	2,8	1,1	0,4
Concertos			
Total	6,0	3,1	10,6
De música actual	4,8	4,7	8,5
De música clásica	2,1	1,7	3,6
<b>Galicia</b>			
Bibliotecas	2,3	3,9	3,4
Museos, exposicións ou galerías de arte	3,9	2,9	0,3
Monumentos ou xacementos	2,7	2,2	1,2
Cines (en salas en liña)	2,2	1,4	0,5
Espectáculos escénicos (teatro, ópera...)	2,8	1,4	0,7
Concertos			
Total	6,0	5,5	12,2
De música actual	4,3	5,4	9,7
De música clásica	2,5	2,1	4,4

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No que se refire ás afeccións a actividades artísticas, pode comprobarse na seguinte táboa que a poboación galega que fixo algunha destas activida-



des durante o período de confinamento foi a que máis continuou realizándose unha vez rematado este, especialmente pintura, fotografía e tocar un instrumento. Ademais, aumentaron a súa frecuencia.

**Porcentaxe de persoas que despois do período de confinamento deixaron temporalmente de realizar como afección algunha destas actividades artísticas**

	Deixaron	Continuaron	Aumentaron a frecuencia
<b>España</b>			
Escribir (poesía, contos etc.)	3,4	4,2	2,3
Pintar ou debuxar	5,9	6,9	3,3
Facer fotografía	6,4	6,9	6,2
Facer vídeo	5,2	3,9	3,3
Baile, ballet, danza	2,0	1,2	1,4
Tocar un instrumento musical	3,3	3,8	2,6
Outras actividades artísticas	2,7	3,6	1,3
<b>Galicia</b>			
Escribir (poesía, contos etc.)	0,8	5,2	2,6
Pintar ou debuxar	3,1	9,3	2,8
Facer fotografía	2,3	8,7	9,5
Facer vídeo	1,6	5,0	5,5
Baile, ballet, danza	1,4	1,3	2,2
Tocar un instrumento musical	2,4	6,1	2,6
Outras actividades artísticas	1,1	4,7	0,7

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por último, analízanse os novos hábitos de consumo da poboación durante o confinamento. Estas prácticas refírense concretamente á compra de produtos ou contidos culturais e, dado que moitas das actividades se realizaron na casa a través de Internet ou das novas tecnoloxías, tamén son importantes as subscricións a plataformas dixitais.

No que se refire ás compras, a porcentaxe de persoas que aumentaron a adquisición dalgún produto ou contido cultural é algo superior no conxunto de España que en Galicia. O produto cultural que se comprou máis do habitual durante o confinamento foron os libros.

**Porcentaxe de persoas que durante o período de confinamento realizaron máis compras do habitual nalgunha destas actividades**

	España	Galicia
Libros	7,9	6,8
Música	6,1	4,4
Outros contidos audiovisuais (vídeos)	5,0	2,4
Prensa	4,0	2,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto ás plataformas dixitais, as persoas que se subscribiron por primeira vez fixérono maioritariamente ás de contidos audiovisuais, aínda que en Galicia a porcentaxe de subscricións foi inferior á do conxunto de España. É tamén destacable a porcentaxe de subscricións a plataformas dixitais de prensa.

**Porcentaxe de persoas que durante o período de confinamento se inscribiron por primeira vez en plataformas dixitais nalgunha destas actividades**

	España	Galicia
Libros	1,5	0,7
Música	3,2	0,9
Outros contidos audiovisuais (vídeos)	8,0	4,6
Prensa	5,4	3,1

Fonte: Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

## Conclusións

A evolución dos hábitos culturais da poboación galega nos anos transcorridos dende o inicio do século XXI amosa que algunhas prácticas se incrementaron sensiblemente, outras atópanse nunha situación de crecemento irregular ou estable e outras están en claro retroceso. As razóns destas variacións teñen que ver con cambios transversais, como os de tipo social ou tecnolóxico, e, probablemente tamén, co aumento xeral do nivel educativo de Galicia.

A música é unha das disciplinas artísticas máis populares entre a cidadanía e, como consecuencia, as prácticas culturais relacionadas con ela teñen unha evolución positiva, cun incremento en xeral do interese por esta forma de arte nos últimos 15 anos. A asistencia a concertos foi crecendo, especialmente aos de música actual, pero tamén aos de música clásica, malia que esta continúa a ser unha actividade minoritaria. O dato máis salientable é que, se hai 20 anos case o 90% da poboación en Galicia non asistira nunca ou case nunca a un concerto deste tipo, actualmente esa proporción reduciuse a dous terzos.

Case o 64% da cidadanía galega afirma que leu libros no último ano, xeralmente por motivos persoais e non académicos ou profesionais. A lectura aumenta gradualmente, cun incremento dun 15,4% no número de persoas que len, comparado con hai 15 anos. En consonancia, obsérvase un importante descenso na porcentaxe de poboación non lectora. No bienio

2006-2007, o 38,4% dos habitantes de Galicia non lía nunca ou case nunca, un índice que caeu ata o 14,8% en 2021/22. En definitiva, pódese constatar un aumento importante da poboación lectora en Galicia.

Tamén hai unha clara redución na porcentaxe de persoas que non acoden nunca a un teatro, que pasa dun 73,8% no bienio 2002-2003 a un 43,4% no 2021/22. Esta diminución significa, tamén neste caso, un importante aumento da poboación asistente a este tipo de expresión cultural en Galicia. De feito, a actividade escénica máis valorada en Galicia é precisamente o teatro, aínda que outras formas artísticas menos apreciadas como a danza ou a ópera incrementaron sensiblemente o seu interese entre a poboación no que levamos de século. A explicación máis común para xustificar que as persoas non vaian máis ao teatro é precisamente a falta de interese, pero esta tendencia foi diminuindo en xeral ao longo dos anos.

En contraste, outras expresións culturais crecen moi pouco en popularidade ou manteñen o seu status. O costume de visitar bibliotecas presenta unha evolución irregular. Detectouse un pequeno progreso nesta práctica entre a poboación galega en xeral, que chegou nos anos 2018-2019 aos niveis máis elevados, cun 22,8% de persoas que acode algunha vez ao ano, pero existe unha porcentaxe considerable en Galicia que demostra un interese escaso. Nunha escala de 0 a 10, un 57,4% dos galegos e galegas atribúelle unha puntuación de 0 a 2 ao interese por asistir a bibliotecas.

En relación con isto, a evolución temporal das visitas a museos, malia que se incrementou un pouco nos últimos 20 anos, non amosa unha gran diferenza. O resto de actividades relacionadas co patrimonio cultural, salvo as visitas a monumentos, realizadas aproximadamente por un terzo da poboación galega, e, en menor medida, a exposicións, ás que acode un 20,2%, espertan escaso interese. Só un 4,9% visita arquivos, un 5,6% galerías de arte e un 13,3% xacementos arqueolóxicos.

Hai unha serie de hábitos que descenden en frecuencia. Así, durante os últimos vinte anos, a tendencia de ver a televisión e escoitar a radio descendeu considerablemente. Na actualidade, o 87,9% da poboación galega ve a televisión polo menos algunha vez ao mes e o 72,9% escoita a radio coa mesma frecuencia. A porcentaxe de galegos e galegas que ven a televisión e escoitan a radio diminuíu un 9,5% e un 4,8% respectivamente no período estudado.

.....

O descenso máis evidente corresponde á asistencia ao cinema en sala. Ao principio da década de 2000, case a metade da poboación galega acudía ao cine algunha vez ao ano, pero ao final esta cota de asistencia xa baixara ata o 36,5%. Posteriormente, ata 2018-2019 a afluencia foi recuperándose lentamente, pero marcou a cota máis baixa de toda a serie temporal nos anos 2020-2021, influída pola pandemia. Entre os usuarios habituais das salas de cine, a media de asistencia trimestral tamén se foi reducindo á máis da metade, dende unha media de 4,8 veces en 2002-2003 ata 2,3 veces en 2021/22. Algúns dos motivos polos que non se vai máis son a falta de interese e de tempo e o excesivo prezo da entrada.

O desenvolvemento tecnolóxico experimentado nos últimos anos permitiu un rápido acceso á información, e mudou a maneira en que as persoas interaccionan socialmente e como empregan o seu tempo libre. Este desenvolvemento tecnolóxico tivo unha fonda pegada na evolución dos hábitos culturais. De feito, hai vinte anos o 22% da poboación galega accedía a Internet, mentres que na actualidade esa porcentaxe supera o 80%. A caída da asistencia ao cinema evoluciona en paralelo á visualización de vídeos, que chega a sextuplicarse nas dúas décadas estudadas, sobre todo para ver películas e series, os contidos preferidos e o motivo principal polo que se incrementan as subscricións a plataformas dixitais, que só nos últimos catro anos do estudo soben en 17,2% puntos porcentuais, ata chegar ata o 50,4% da poboación.

O uso de tecnoloxías para escoitar música aumentou tamén, especialmente dende que os teléfonos móbiles e as plataformas se popularizaron. En 2010 o 9% da poboación empregaba o móbil para escoitar música e na actualidade a porcentaxe ascende ata un 55,2%, en detrimento do uso da radio, cada día menos frecuente. Así mesmo, aínda que o número de persoas que compran música en formatos tradicionais é menor, incrementouse moito o uso de plataformas de pago, polo que case se dobrou o número de usuarios nos últimos anos, ata chegar ao 19% da poboación galega.

En cambio, outros produtos tecnolóxicos que se incorporaron ao equipamento dos fogares ao final do século XX, como os videoxogos, non se popularizaron na mesma medida. Case o 85% da poboación xeral non ten o hábito de utilizalos e só un 4,6% xoga a diario.

.....

Outro ámbito afectado polas novas formas de difusión da información é o da lectura. Pese a que o papel segue a ser o formato preferido para ler libros, a porcentaxe de persoas que dispoñen de lectores de libro dixital (dispositivos específicos para este fin, pero tamén dispositivos móbiles con lector de libro dixital incorporado) incrementouse en 7,9 puntos porcentuais nos últimos sete anos e sitúase no 46,5% da poboación. En relación con outros indicadores positivos no referente á lectura, nos fogares onde hai libros, o seu número incrementouse. Esta evolución coincide cun fenómeno destacable, que é que tamén hai máis fogares sen ningún libro. Se en 2002-2003 practicamente en todas as casas había polo menos algún libro, hoxe en día case un 9% de fogares non ten ningún.

Outras formas de acceso á cultura que constitúen hábitos de nova incorporación, como as visitas virtuais a través de Internet a museos, exposicións, galerías de arte, monumentos e xacementos arqueolóxicos ou o acceso en liña a arquivos e bibliotecas, son aínda prácticas moi minoritarias.

Igual que a tecnoloxía resulta ser un factor estrutural na mudanza da relación coa cultura, o fenómeno da pandemia da COVID-19 introduciu unha serie de incertezas, sobre todo no relativo a como afectará a longo prazo aos hábitos culturais. En calquera caso, algunhas prácticas víronse enormemente prexudicadas, mesmo de xeito conxuntural. Por exemplo, no caso da asistencia ao cine en sala, moitos dos motivos para non acudir nos últimos anos están vinculados á enfermidade. Igualmente, a asistencia a espectáculos de música e artes escénicas incrementouse en xeral en todas as actividades dende o comezo de século ata a chegada da pandemia.

A necesidade de permanecer confinados nos primeiros meses de 2020, ademais de interromper o consumo de servizos culturais que pola súa natureza son de tipo social, incidiu de maneira importante na xestión do ocio no fogar. Así, aumentou a lectura e a compra de libros. Un 56,6% da poboación leu polo menos un libro nese tempo e un 3,1% subscribiuse por primeira vez á prensa dixital de pago. Especialmente importante foi o incremento do consumo de audiovisuais, sobre todo de series e películas, que, pese a que despois quizais foi menos intenso, conseguiu que un 4,6% de persoas se desen de alta por vez primeira en plataformas dixitais en Galicia.



As restricións tamén tiveron certo efecto positivo nas visitas virtuais a espazos tradicionais, como museos, exposicións ou galerías de arte, pero a realidade é que despois moitas persoas deixaron de facelo. En cambio, si que se detecta un pequeno incremento da porcentaxe no acceso a bibliotecas dixitais despois do confinamento (3,4%) e, sobre todo, que aumentou o consumo de concertos de música en liña (12,2%), unha vez que se deixaron de aplicar restricións estritas de mobilidade. Resulta tamén interesante destacar que algunhas persoas que aproveitaron ese tempo na casa para afeccionarse á fotografía, a facer vídeos e, en menor medida, a escribir ou tocar un instrumento aumentaron igualmente despois esa práctica. Está por ver se este tipo de hábitos terá continuidade no futuro.

Durante o período estudado producíronse tamén unha serie de evolucións con respecto ao contorno máis próximo. Nalgúns indicadores, Galicia sitúase por detrás da media de España, sen que o paso dos anos mudase esta situación. É o caso do interese polas bibliotecas ou o cine e o feito de que os lectores habituais len menos tempo en Galicia. Tamén amosa a poboación galega un interese sensiblemente menor polas actividades relacionadas co patrimonio cultural, como os museos, exposicións, galerías de arte, monumentos, xacementos arqueolóxicos etc.

Ao mesmo tempo, tamén se produciron converxencias entre Galicia e España, como no uso de Internet, no que agora os índices de acceso son similares, pero Galicia partía con desvantaxe. De feito, chegou a haber ata un 12% de diferenza entre a poboación conectada. Incluso nos últimos resultados se observa que un 47,7% dos galegos e galegas utiliza o ordenador a diario, un 4,1% máis que o conxunto de España, algo que ocorre por primeira vez dende que se teñen datos.

Sen atender á evolución, Galicia destaca nalgúns indicadores con respecto aos valores medios do Estado. De feito, a poboación galega asiste máis a concertos de música en vivo que o conxunto de españois e vive en fogares que contan cunha media de 20,4 libros máis. Un 81,3% dos lectores e lectoras galegos le prensa e publicacións periódicas polo menos unha vez ao mes, máis de 10 puntos porcentuais por riba do conxunto estatal. De feito, a lectura de prensa diaria de información xeral é moito máis popular entre a poboación galega. Un 53% le todos ou case todos os días e un 75% faino polo menos unha vez á semana, 12 e 14 puntos máis que o conxunto

de españois. Así mesmo, o 34,5% dos fogares galegos dispón dalgún instrumento musical, 3,6 puntos porcentuais por riba do conxunto do Estado.

Malia que o índice de persoas que participan ou apoian actividades culturais a través de asociacións ou clubs de amigos é escasa tanto en Galicia como no total España, o tecido asociativo cultural galego é proporcionalmente maior. Así, mentres que o 9,1% da poboación galega participa nalgún tipo de colectivo cultural e o 6,6% contribúe cunha achega económica, esa porcentaxe descende ao 5,2% e ao 3,2% respectivamente entre o total de españois. Os galegos e galegas tamén participan en maior medida en cursos relacionados coa cultura e son algo máis xenerosos á hora de apoiar iniciativas culturais con doazóns.

Algunhas das discrepancias atopadas teñen que ver con diferenzas no acceso á cultura. Por exemplo, se ben no conxunto do Estado os motivos principais para non acudir ao teatro son a falta de tempo e o prezo dos espectáculos, para moitas persoas galegas parece ser un problema de escaseza de oferta, xa que son poucas as que se queixan do que custan as entradas.

Tamén existen unha serie de particularidades que distinguen a cultura popular dos galegos e galegas. A asistencia a manifestacións de cultura tradicional ou ás propias do patrimonio inmaterial, como as festas populares ou a realización de feiras, entre outras, é unha práctica cultural de grande arraigamento en Galicia, pero que esperta menos interese no conxunto de España.

Gran parte da evolución positiva que se atopa neste informe está necesariamente relacionada co incremento do nivel educativo xeral da poboación e, con certeza, tamén coa evolución dos hábitos culturais dos fogares e a repercusión que isto ten nas crianzas. De feito, realizar unha práctica cultural na infancia inflúe positivamente en levala a cabo de adulto. Nove de cada dez galegos e galegas que van ao cine e oito de cada dez lectores empezaron con estes hábitos de cativos. Igualmente, dous terzos dos que visitaron museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos ou asistiron a espectáculos escénicos e musicais xa tiveran tamén a experiencia de facelo na infancia.

Igualmente, a maioría de nais e pais galegos con fillos menores de 18 anos que teñen uns hábitos culturais activos realiza moitas veces estas

.....

prácticas cos nenos e nenas. Aproximadamente un 62% dos proxenitores que len e un 54,9% dos que visitan museos, monumentos ou outros sitios de interese adoitan facelo cos seus fillos. Ademais, o 63,2% dos que van ao cinema, o 53,4% dos que asisten a espectáculos escénicos ou musicais e o 54,5% dos que participan noutras prácticas culturais comparten estas actividades cos seus fillos e fillas. Probablemente, este tipo de actitudes de estímulo da cultura na infancia, xunto coa evolución social e educativa do conxunto do país, incidirán nunha mellora paulatina dos hábitos culturais en Galicia.